

Vacaci3ns en Galicia: Vivir Galicia

Manuel Rodr3guez L3pez

Vacacións en Galicia:

Comenzamos hoxe a publicación dunha serie de cinco artigos escritos polo noso colaborador Manuel Rodríguez López logo de visitar Galicia este verán. Neles obsérvase o agudo esculcador que é este escritor galego aveciñado en Barcelona pero sempre vivindo os problemas da súa Terra con paixón e sentido crítico. Todo desfía nestes cinco artigos: a litúrxia, lingua, autoridades, transportes, colleitas, etc., revelando o infraconsumo das nosas clases humildes encontraste cun sentimento fidel a Galicia que non se atopa nos homes que detentan unha condición de vida alta que son, precisamente, os que acotío adenigran e traicionan.

Por que os Galegos no cantan no tren

Viaxar en tren, ano 1969

Media noite. O tren seque co seu “Voupralá” “Voupralá” “Voupralá”.

Nos departamentos de oito plazas, o sono e romba con maneiras e composturas mesturando pes e cus, cabezas e barrigas. Os corredores do convoio de doce vagóns, que estan ateigados de vellos, nenos, mozos, maletas e cestos de merenda, son un fervedoiro de queixas, bruidos e protestas. O fume da máquina de carbón destraga os bronquios da moitedume cando falla a lixeireza de pechallas fiestras nos túneles.

“Chegoxá” “Chegoxá” “Chegoxá”.

Leva tripadas moitas terras. A Catalunya dos grandes centros industriais: Sabadell, Tarrasa, Manresa, Tárrega, Molleruse e Lérida, a provincia que soupo trocar as terras ermas no primeiro centro de exportación de froitas a toda Europa.

“Voupralá - Chegoxá” “Voupralá - Chegoxá” “Voupralá - Chegoxá”.

“O Catalán” apúrase nos Monegros, cheos de canles que an ser as veas que colmen de vida aquil corpo morto. Cando se rematará o rego programado dende fai anos?

Esgotáronse as bebidas frías do restaurante do tren. A fogaxe esmirrou as mozas mais garridas. A gran cidade de Zaragoza fica atrás co maxestoso templo do Pilar que semella un ramallo de torres á beira do farto Ebro, finchado, abondoso, pero endexamáis virgen, novo, limpo e azul coma o espello do noso Miño.

Tudela, Logroño, Miranda de Ebro: unhos mozos estan de troula. Berran e cantan: ...

Los riojanos / tenemos una peseta y en vino nos la gastamos.

¿Que pasa cos galegos? ¿Por qué non cantan iles tamén? ¿Quen é aquel vello sentado na maleta de madeira?

“Faltamenos” “Faltamenos” “Faltamenos”

Burgos, Palencia, Venta de Baños e o tren: “Voupralá – Agoraxá” “Voupralá – Agoraxá” “Voupralá – Agoraxá”.

Aquil home que aparenta 70 anos, sentado nunha maleta de madeira, seque toconeando.

Aínda que estamos no mes de Santiago, en terras Leonesas, a mañá espriguízase.

Un asubío pon o tren novamente en camiño. Entramos nas terras de Astorga. Unha vella pregoa as “Mantecadas” xa coñecidas. O vello esperta. Saca cartos do bolsón e merca catro caixas.

- ¿Pros netos?

- Pois si

- Ven de lonxe

- Do Pirineo. Traballo nunha presa.

Os dentes postizos do home abalan un algo. Ten os ollos vivos, grandes e pícaros. As maus callosas. Tímido ó comenzo, tórnase falador. Ábrese sinxeramente ás miñas preguntas.

- Son carpinteiro. Fai catorce anos que ando fora da casa. Hai que facer cartos. Criei sete fillos. Fállanme dezaseis meses pro retiro. Vou dúas veces no ano a casa, polo día da festa.

O tren estalícase polo Bierzo e o bon do home érguese.

- En canto vexo estas terras, medro. Cando as deixo non podo conter as bágoas. De hoxe en dezaseis meses...

O río Sil está coutado por presas e máis presas. O home cóntame detalles técnicos das mesmas. Entramos no barco. O viño é unha lagoa verde orballada por unha choiva miúda. As fiestras do tren non abundan para a xente que anceia ollar a fartureta natureza. Os montes de piñeiros a espellarse no río. Oliveiras, castiñeiros, carballos, pobos empoleirados na ribeira, lagoas enormes artificiais.

- Olle qué desgracia. Denantes miles de familias vivían co produto destas veigas anegadas. A maior parte emigraron ás grandes cidades, fora de Galicia e, cos cartos recollidos, mercaron catro paredes. Agora andan a traballar para un industrial. Eu fun un de tantos. Deixáronme poucas leiras e boteime polo mundo para sacar adiante os meus. Se ó menos puides recoller os froitos de tamaño sacrificio. !Levo dous meses de baixa. Os médicos din

que teño hepatitis. Na casa non o saben. Xa merezo ver o retiro. Estou agotado. Dentro de quince días estarei de volta. Dezaseis meses aínda!...

O tren non minte: "Chegoxá-xachegueí" "Chegoxá-xachegueí" "Chegoxá-xachegueí".

...inda a semana pasada enterramos un compañeiro galego. Agora o peligro é maior. Teño que ir con moito ollo. Traballamos empoletados a 90 metros. Só fallan 16 meses...

O tren mingou a marcha. Nun pequeno frenazo a renxe de ledicia.

Pouco despois, dende o ventano, ollo dous patróns que se funden nun solo corpo mesturando bicos e bágoas, e decátome, no intre, por qué os galegos non cantabamos no tren coma os rioxanos.

Correo de Galicia (Bos Aires), 15-11-1969

O crego dos "Cabezudos"

Era tarde baixa canda saímos de casa. Íamos a visitar a uns amigos a unha parroquia veciña.

Inda ben non encetamos a longa camiñata cando, pola dereita, nunha encrucillada, ollamos un home cun libro nas mans.

Instintivamente coidei que era un turista dos moitos que durante o verán sanamos en Galicia as febres que nos roen, a cada intre, en lonxanas e ata antípodas nacións alleas.

O meu acompañante faloume polo baixo:

-Aquí tes o señor abade.

Seguiron as presentacións e axiña un parrafeo desafortunado. Tiñamos diante nosa un crego dos que soamente arrecadaron das ensinanzas do Concilio Vaticano II... o traxe laical. Estabamos a falar cun enviado de Cristo que, coido eu, quizabes pensaba que a chamada de Xoan XXIII tivo por obxeto única e exclusivamente arrambar coa sotana.

-¿Cando dirá a Misa en galego?

-¿Para que? A xente non o entende. Nin tan sequera o sabe falar.

-O Concilio di que empregando a lingua do pobo afóndase mellor nos sentimentos da alma.

-De acordo. Pero iso refírese as linguas vivas. Non ás mortas. ¿Cal dos meus feligreses leu un libro en galego? Dígolles que o que falan é unha zarapallada. A xente non lles está para complicacións lingüísticas. O paisano só teima medrar máis co veciño.

O meu parente alongoulle "Catecismo do Labrego" ó tempo que lle dicía:

-Pois aquí ten vostede un libro escrito na nosa fala con máis de vinte edicións.

-Pode ser, interrompiu o crego sen dar creto ningún.

E engadiu:

-Eu dígolles que neste lugar poucos poderían vender. Os labregos non soltan unha cadela.

Eu, que estou afeito a outro xeito de apóstoles, lembreime dos cregos cataláns e pensei no P. Dom Aureli Escarré que dende a eternidade doeríase daquel unxido de Deus.

A conversa colleu derroteiros novos de cumprimento.

-¿Que tal se presenta a festa?

(Os ramistas xa tiñan todo arranxado: o permiso, a orquesta, os foguetes, a Misa solemne, un cuarteto de gaitas...)

A resposta do crego foi rápida.

-Será completa. Este ano haberá cabezudos tamén.

-Non será tal, cortei.

-¡Si, hom! Sempre os houbo. Coma cada ano, o día da festa estas corgas serán un fervedoiro de cabezudos.

Deixounos aparvados o raio do crego. Durante un bo cacho de camiño o meu parente e máis eu non demos palabra. Eu cavilaba no libro dos salmos verquidos á nosa lingua por I. Alonso, na Biblia de Casado Nieto e na tradución dos evanxelos feita polos coengos X. Morente e M. Espiña, libros que colman de resoancias gasalleiras os recunchos do espírito.

De volta, lin as verbas sinxelas de Cristo na comparanza do Bo Pastor:

"Eu son o Bo Pastor. O Bo Pastor expón a súa vida polas ovellas. O mercenario, que non é pastor, e de quen non son propias as ovellas, ve vir o lobo e deixa as ovellas e fuxe: desta

maneira o lobo arrebatara as ovellas e desfai o fato; porque o mercenario anda pola paga e non lle importan as ovellas. Eu son o Bo Pastor; coñezo as miñas ovellas e elas coñécenme a min".

¿Terá meditado esta comparanza o crego dos "cabezudos"?

Correo de Galicia (Bos Aires), 30-11-1969

Unha entroidada na aldea estranxeira na terra

En Galicia as excursións poden encetarse por calquera vería. O viaxeiro endexamais fica defradudado.

Sáímos pola porta de S. Fernando cara a estrada da Cruña, miragre de circulación e cosmopolita do motor, ategada de camiós, buses, tratores, bicicletas, motos, carros tirados por cabalos, pequenos en edá escolar empurrando un carretillo, leiteiras e aparcamento a ámbalas maus. É a Babel de Lugo: frenazos, zigzagueos, clásons, accidentes e mortes son o decálogo dogmático do progreso subdesenrolado da estreita rota nacional que nos leva ás rías cantábricas da provincia irmá. Chegamos a Pontes. O pobo antigo – despois atoparemos o novo, nado a carón da Empresa Nacional Calvo Sotelo – danos a impresión de estar durmindo. Unha que outra galiña despreguízase foncha pola rúas estreitas. Unha meniña está agarimando un gatona portón dunha casa con corredor de madeira. A ponte vella non cansa de ollar para o Eume, de augas claras e transparentes que alí mesmo recolle a auga, volta ó seu canle tras xogar a rodicios.

Son as once da mañá e o pobo segue mudo cando chegamos perto da igrexa.

A grea, que cumpriu co preceuto, comenza a invadir a cativa praza. Un fotógrafo adónase dos mellores pranos. O ouxetivo é unha pequena co clásico vestido branco, longo deica os pés e a cróa virxinal cinguindo a súa testa. Nos seus pais adiviño os novos ricos que aproveitan as vacacións para facer unha entroidada na aldea. Na capital ou nunha gran cidade a súa filla pasaría inadvertida. En Pontes, coma un torto, rei na terra dos cegos, aquela alma inocente é o espello e o orgullo do país.

Tras longos zigzagueos e paisaxes de prados, veigas, piñeirais, eucaliptos e enormes moreas de madeiras dispostas para o embarque, pobos e aldeas, chegamos á ría de Sta. Marta de Ortigueira. O tren da costa unhas vegadas pola dereita, outras pola esquerda, ora pasando pontes como a de Meira, ora furando montañas, segue a rota marcada hai medio século cara Xixón aïnda sen rematar.

O Cantábrico, canso de bater nos rochedos das costas, amáínase no cuarto mingunte de catro kilómetros de areas brancas. O enorme piñeiral regala sombra ós coches, a maior parte matrñicula de Madrid, que agardan amorfos ós bañistas.

Eu quedo aparvado ouvindo un lero de mil diaños nun castelán que chaman "castizo".

Nas derradeiras do sigro XX, unha vella rabena e pintarraxada, debaixo dun parasol, bérralle aceda á galega de uniforme, que atende os seus netos, por esquecer a pelota praieira no hotel.

O meu pequeno síntese fix recollendo conchas no longo areal e a miña dona relembra a nenez da aldea, facéndolle un sombreiro de xuncas. Non se decatan do que acontece a poucos metros.

O sangue zorrégame nas veas en vendo á “Chacha” – así lle chama a vella apoltroada – camiño do hotel, desfeita en bágoas e, correndo cara ela, doulle un consello.

Oxe tiven unha tarxeta postal de Suiza. Aquela rapaza gaña 13000 pesetas no mes i está moi leda porque síntese menos estranxeira que no fogar da vella castiza.

Correo de Galicia (Bos Aires), 15-12-1969

Un pobo amalado diante da pantalla

Estamos afeitos a ler nos diarios, nas revistas e periódicos e xa cansos de ollar no televexo a fermosura dos engados, o folclore os verdes, as choivas e as rías galegas. Ninguén poen en dúbida que a nosa terra é variada e chea de feitizos. Que se viste de mil verdes e ten ríos de augas virxes, paradisos onde campan as troitas e os salmós, veigas ricaces con toda a gama hortícola, verdadeiras selvas de carballos, piñeiros, eucalitos, castiñeiros, nogueiras, froitas de toda crás, ribeiras cos millores viños, unha costa con praias abertas á fame e curiosidade do turista que non ten máis que anicrase para coller o marisco.

Temos ouvido deica o esgotamento istes tópicos. E certamente son verdá. Levo moitos días pisando istas terras e a emozón, o disfroite espiritual, o deleite visual, o contino empaparme nistes aires (!Qué ben os matizou Rosalía!) enche o meu peito, farta as miñas ilucións, pero...

“!Cántos libros se podían escribir ó abeiro diste “pero”! Faría falla un exército de sicólogos, maestros, programadores, peritos agrícolas, inxeneiros técnicos e máis técnicos. É mester entrar no cerne diste pobo. É primordial profundar no miolo do noso país. Esquecer adubíoa e furgar nos seus pulmós. Esaminalo na súa intimidá diante dunha pantalla.

Vede unha restra de exempros:

Navia de Suarna é un centro importante de poboación. Albisca o mundo pola estrada que leva a Becerreá. Atopéi un amigo:

Cheguei ó convencemento, díxome, que Galicia vai cada ano a menos. Xa non temos nen coche de línea. Morre en Becerreá porque a nosa carretera é unha corga.

Un S.O.S. pola radio: Señores automovilistas, non fagan uso da carretera de Friol. Está intransitabel... Sería o conto de non acabar falar de tódalas estradas que SEPARAN os pobos galegos.

Unha viuda con seis fillos atende a casa. Sete vacas, nove ranchos, unha porca con doce requiños, cinco ovellas, tres becerros, pitas, coellos... O herdeiro, o terceiro e o quinto

están no estranxeiro. Na casa ela cos outros tres que non emigran porque son anormais e necesitan do amparo da mai.

Antigamente era unha casa regular. Oxe o dono vive solo. A muller emirgou a Europa co gallo de gañar para algúns desempeños. Recramou os fillos e agora négase a tornar ó fogar.

Un crego chimpouse nunha tarde meia botella de augardente. Fala polos cóbados e bota carajos e coños a cada intre. Outro crego xoga ó dominó dende as 11 da noite deica as 3 da mañá na taberna aldeán.

Unha rapaciña subnormal tivo un fillo de solteira. Òs dous anos volveu a dar a luz. O pai do primeiro casou e vive sen remorosos. O pai do segundo, un vello separado da muller, campa libre ca testa erguida diante das leis. A rapaza, menor de idade, tórnase feixe de obrigas esmagantes prós pais cando teñen gañado o ceo dempóis de acedos traballos e unha vida miserenta.

O arado román sigue a lañar terras esgotadas.

Castrelo do Miño morre anegado.

As nosas donas sofren de reuma tras longas tempadas de marisquear nas augas das rías.

Os mestres, sen cartos, son grandes señores porque falan castrapo.

O ferro durme nas entranas da terra.

As arelas de progreso abondan pra alcumar ós estudantes composteláns de Anticristos.

Estamos afeitos a ler e ouvir que Galicia é fermosa...

Eu digo que Galiza é un amalado que debemos pór diante da pantalla.

Correo de Galicia (Bos Aires), 30-12-1969

Un “espres” transibérico con ciumes do Talgo

Os homes estamos orgullosos da nosa sabencia, do noso adianto, dos inventos, da técnica. Pero non é mester afondar moito pra se decatarse que somos os causantes da maior parte das bágoas que nos aburan. A humanidade estribillou e teceu ata o punto de que hoxe atopámonos presos das nosas mañas.

O reloxo co seu curmán o calendario, son os nosos inimigos máis asañosos. E, ¡oh parvos! Anda os alomiñamos e ¡dámoslles un pouco de honor na vida!

Fai unha semana que me veñen lembrando que debo camiñar. Que o tren chega ás 16 horas e so agarda 6 minutos. Que se aforro e teño saúde, se traballo horas extras e me estou desto, daquelo e daqueloutro, pró ano que virá terei a libertá de soñar novamentes.

¡Malla ó reló e ó calendario que pra todo teñen seguranza menos pra hora da morte!

Restan poucos días e xa buligan nas mentes os nubeiros dos deuses: Os ollos rubios de chorar. As maus acenando dende os ventanos do tren en marcha. Os vellos que fican no

andén cos dúbida doutro alcontro... O reló (eles sábeno ben) non lles dirá cal será o seu derradeiro.

Foi mester facer dúas composicións. E aínda a xente, que paga, e viaxa en “segunda” vai dereita e coa obriga de coñecer artes circenses pra, brincando maletas, poder chegar o W.C. Chámanlle “Espres”, os números denuncian: 1,300 kilómetros en 26 horas promedian 50 kilómetros por hora igual a UN TREN DE MERCANCIAS QUE TRANSPORTA POR EXEMPLO: BECERROS.

Deixo Betanzos dos Andrade, Lugo, da muralla, Monforte coa torre dos Lemos e as aldeas virxes, iñocentes, que nada lle deben á caste dos condese señores feudales que zugaron o miolo dos nosos pobos en liortas fraticidas i en fazañas guerreiras contra os mouros en proveiro de alleos. Deixo veigas anegadas, que trocaron o viño por Watios exportables gracias ás leis de expropiación.

As tebras alcanan na miña terra e a noite agatuña no smonets leoneses e no meu ser unha restrá de imaxes pendura do recordo. E vexo na lonxanía os moimentos á memoria de Cabanillas e Asoréi no Cambados nadal, un á veira do mar, outro camiño de Compostela. Ergo un prego pola nosa Rosalía, arrodeada de frores no Panteón de Santo Domingo. Lémbrome do gran Curros, eternizado nos Cantóns de A Coruña, a cidade das modernas medras verticais. Vexo Baiona, que soubo a primeira das novas de América. Sinto un lóstrego de esperanza no corazón en vendo Vigo, cidade xoven, con inquedanzas, infatigable, queimando etapas cara o futuro, orgullosa de si mesma, da sua caste, da sua lingua, sen pouso, sempre na loita inda que alleos intereses e influencias furtáronlle a siderúrxica de que, a xuicio dos mellores técnicos, era acreedora indiscutible. Polos ollos do meu recordo desfiáñanse paisaxes, o Pórtico da Gloria, as veigas de millo pontevedresas, a catedral de Tui, forte medieval, os eucalitos das ría outas, cen igrexas composteláns, as ribeiras de Pesqueirase Os Peares, Samos, do pai Feixóo, os soutos da miña Paradela nadal, o mosteiro de Sobrado, as veigas do Ribeiro e mil románicos e barrocos das Santas Mariñas, dos Santos Domingos, dos San Franciscos, dos Oseiras, Lérez... e paréceme escoitar as verbas do bo amigo catalán, compañeiro nos meus andares por terras galegas: “Se o teu pobo tivera empregado un anaco te tanto esforzo relixioso-moimental en percura do progreso material, sería unha rexión ricaz e sen emigrantes”.

O tren asubía tres veces con forza. Hai remuíño de viaxantes que se preparan para facer trasbordo. Estamos ás portas de Miranda de Ebro. No meu departamento un rapaz novo arranza tógolos petates. Axúdolle a abondar a gran maleta de coiro. Nunha tarxeta cas córes francesas ten escrito o seu adrezo: R. Salgado... E un ourensán da montaña que leva 5 anos en París.

-!O fin demos chegado. Pouco falta para a fronteira. Alí dá comezo a viaxe das persoas.

O emigranet galego renega abertamente das infracondicións do longo “tracatrac”. Cóntame que na outra banda os trenes corren a 120 kilómetros hora. Son cómodos. Axeitados para longas distancias. Sen amoreamentos. As persoas viaxan como tales.

Vostedes, engade, xa podían estar durmindona sua casa. E aínda van pola metade.

Pasa unha hora longana mentres se fan troques e se engaden vagós. O meu neno sigue a durmir no colo mai. Por frente unha muller dunhos 50 anos toconeá. Quere prender

forte no sono e non o acada. Foi monxa perante 30 anos. Agora, vella, sen folgos cáseque, emigra coas maus valeiras, para encetar nova loita.

Xa levamos 20 horas de “Tróupele-tróupele”. Hai media que paramos vaixo o sol dos Monegros. A fogaxe seca as gorxas. Os cativos choran coa sede. ¿Que agardamos? O fin decátome da verdá. Soberbo, finchado, asoballante, pasa o Talgo, tren de millonarios, fonchos, zugando habanos nos rexos butacós. O “Esprés”, de “segunda”, xa pode seguir o seu camiño enfurruxado de “Mercancías-transibérico”.

E namentras apodrecen as horas sigo a cismar no galego ourensán que xa terá chegado a París porque na fronteira os nosos, cando menos, conqueriron xa o dereito de viaxar.

Correo de Galicia (Bos Aires), 15-1-1970

Nun mar de auga e de piñeiros

En Barcelona, gai anos, pregunteille a un coñecido galego cal era o motivo que o trouxo a esta cidá e contestoume: Puxéronse as cousas de tal maneira que alá non se pode vivir. O pobo está apreixado entre dúas penedas de morte: arriba, piñeiros, abaixo, auga.

Diante da miña extrañeza espricouse: “Denantes eu, comas outros moitos, mercaba cuxos que pastaba no comunal e ós poucos meses vendíaos con fortes gañancias. Hoxe a forestal adonóuse de todos os montes das Parroquias, prantou piñeiros e arruinou a ganadería. Nas veigas, por mor diso que os técnicos chaman no intre da inauguración “O millor pantano de Europa”... aconteceu moito peor. Anegáronse as millores veigas de Galicia, ricaces en pradería, horta, viños, augardentes, anguías... Qué boa sona tiñan as de Portomarín! Velahí tés a razón dun tanto por cento moi elevado da nosa emigración. Eu, entre moitos, son un dos afectados na montaña. E non queiras afondar nos problemas da ribeira. É moito máis aldraxante, inda que lles paguen a porcallada prometida. Il e cousa de noxo a morea de litixios pendentes entre labregos e as Compañías Hidroeléctricas.

Lémbrome que a argumentación daquil compañeiro deume moito que pensar a min, que descoñecía o noso problema agrario por ter emigrado á capital catalana na nenez.

Iste ano visitei outravolta a Galicia e tripéi unha manchea de estrada, percorrín vilas e pobos, sufrín nos ouvidos os descensoos rápidos dende as outuras agarimadas pola néboa, sentín no peito o mensaxe que nos legaron os conteiros nos austeros románicos espallados pola nosa xeografía a treu, esmaguei as areias das interminabres praias – a mor parte inda virxes - , sentín os bicos dos peixes nas augas transparentes do Miño e ouservéi, cos ollos cheos de bágoas, as verdades do compañeiro que en plena mocidade emigróu á cidade allea.

Galicia rosario de lagoas na era do átomo

Outros anos tiña ollado no aurífero Sil dos romanos de Montefurado a ducia de presas encadeadas culebrando polo Bierzo e Ourense cal unha autopista á veira do ferrocarril e a carretera xeral i en chegando ó Barco e á Rúa, sentira o amarguexo de ira remexerme nos miolos ó identificar aquela lagoa enorme, que asulagaba a manchea canados de viño valdeorré, coas familias que ficaran sen terras e Dios sabe onde elas camiñarían.

A protesta crúa irradiaba no meu íntimo cada vegadaó visitar Portomarín polas festas setembrinas do Cristo, máisime ós anos enxoiros cando vía as casas esboralladas do pobo asulagado e a xente pasear pola ponte antiga lembrando anos de fartura, pradeiras ricas, abundantes viños, augardentes de renome e anguías de xantares inesquecibles.

Pero iste ano a xenreira, a door a laceria que producen as cousas malcompangadas e a inxusticia, rebordaron súpeto na progresión xeométrica na miña sensibilidade en vendo o xenocidio de Castrelo de Miño.

O pobo fala claro

- Tiña que cair unha bomba e esfarelar isa mura, berraba unha velliña.
 - Foi o destrago meirande do que vin, lin e sentín na vida, faloume polo baixo un home que viaxaba tamén cara Vigo.
 - Houbo manifestaciós con pancartas.
 - Autoridades do pobo, xueces, cregos, mestres, intelectuales e segredarios argumentaron en valde.
 - E seguiron as obras coa protección dos fusiles, engadiu un paisano.
 - Oitocentas familias viron quebrarse o ligame xeneracional que vencellaba pais, abós, bisabós e trasabós e demáis devanceiros.
 - Calquera día teiman ampliar a presa e anegan todo o Ribeiro e a cidá de Ourense. Daquela poderán fachendar de ter o pantano meirande do mundo... dixo un rapaz.
 - E esportaremos outros cen mil homes en percuo de divisas do Canadá e Australia, que tales son os países de moda agora.
 - E, aparte de producir eletricidá pra industrias alleas, cortóu unha rapaza con xorna, podíamos crear instalaciós pra deportes náuticos, pabellós polideportivos, cotos de pesca e fabulosas esplotaciós turísticas pros señoritos amantes da natura e pra que os emigrantes, perante as vacaciós síntanse felices e arelen voltar pró ano...
- O ferrobús seguía o seu camiño. Dende os ventanos do tren, cos ollos feridos polo raouilar do sol na espaciosa lagoa, cavilaba nos traballos, as sudes e foliadas da vendima asolagados nas augas encoradas. Arbres centenarias amosaban por riba da tona do Miño as resacas ponlas feridas de morte. Outras, inda con folgos, vestidas cos derradeiros terciopelos, ceibaban afogados salsios esixindo remedio pra súa morte, con verbas tráxicas, anguriosas que facían estarrecer.

Correo de Galicia (Bos Aires), 15-10-1971

Vacacións en Galicia

!Outro vrau fica atrás. E coma os derradeiros, millón e medio de compatriotas seguimos condenados a residir en terras alleas...! Superado o sacrificio de vinteseite horas engaiolado nese trebello canso, renqueante, pousón, (que lle chaman EXPRESO), enxordecedor, abafante e cun promedio horario desacougador do máis cativo desenrolo, conquerín perante tres semanas o soño que nos fai delirar ós galegos espallados nos recunchos do mundo.

Xustiño un seis por cento dos días do ano, gustei con degoro o melindre anceirado na lonxanía perante os doce monótonos meses. E os airiños nosos – que non son tónico – alixeiraron as miñas articulacións; o sol de Galicia zugoume as graxas; a iauga e a brisa osixenaron o meu sangue infestado na polución da Gran Cidá e, no máis íntimo do cerne, disfrutei con plenitude sensorial e a conciencia a ledicia de vivir.

Febrento de progreso, percorrín cidades e pobos; canmiñéi légoas e máis légoas por estradas en construción; visitei poígonos industriais e de novos fogares; recoñecín a realidade das maxestuosas Residencias Sanatoriales, a vertical grandeza dos hoteles que medran nas rexións turísticas da nosa terra... E hastra cheguei a crer na solución.

Milleiros de coches estranxeiros e nacionais ondequer; festas en vilas e aldeas; praias ateigadas de veraneantes; edificios xigantes; labregosfonchos a carón dos fillos; foguetes... romerías... E vede a realidade.

Ela é unha estudante de Vigo que este ano, pra seguir a carreira, debe desplazarse a Sant-lago, lonxe do fogar e das amistades, co destrago de cartos que representa a pensión, porque Galicia somentes conta cunha Univerdisade:

“Compañeiros inxenieros técnicos que findaron os estuod – dice – emigran por falla de postos de traballo”. E concreta:

“Un meu amigo, con carreira rematada, percibe 3,500 pesetas no mes... case a mitá do soldo mínimo que marcan as leises”.

Un outro emplead odunha grande industria:

“A Dirección de Personal da Empresa viuse na obriga de contestar ás continuas demandas de emprego “Por favor, non insista máis por ningún conducto”.

Un parente chegado de Suiza:

Arranxáronme o pasaporte e déronme un Contrato de Traballo. Perante sete anos aforrei para un piso e, agora, que chamo ás portas da industria, néganme un posto porque os repartidoes seica somos argallantes de folgas. Por nivelar o déficit comercial do país coas nosas divisas amasadas na artesa de continuas privacións e sudes arreo, sufrimos, en pago, o racismo atal negros americanos.

Un matrimonio, que se multiplica como un eco por todas as veigas e bisbarra de Galicia: El anda atafegado pra arranxar documentos, escrituras e unha chea de trámites

porque mercou un solar na Coruña e está a facer unha casa con xiros anuais dende o estranxeiro. Nun coche alemán vai e ven con dous fillos de sete e nove anos, que non se ceiban do pai:

“Eu, dime, tiven moita sorte: pero outros compañeiros que mercaron ó mesmo especulador – nova versión caciqueil – foron timados. O larpeiro vendeu solares propios e veciños. E cando os coitados quixéronse posesionar, atopáronse con que o desvergoñado non era tal dono. A nós foinos ben porque mercamos barato; pero servimos de engado para amolar a outros. E o máis denigrante éche que fixo as ventas ante Notario. O lambón do demo fuxiu e ninguén dá razón do seu paradeiro. Olla como nos zupan. !E son nosos irmaus! Da nosa caste. !Diolos confunda a todos, nai que os pariu!

A muller do meu bon amigo acanea tenrísima o terceiro dos seus meniños, de trece meses. Quen non soupera da mágoa aceda e crúa que lle agarda, coidaría esaxerado o arroubo con que agarima no seu colo a feliz criatura. E preguntame: “¿Por qué iste fillo, que deixei ó coidado dos abós, non ben cumpridos dous meses, se non separa de min? ¿Por qué prefire o meu colo ó da aboa e ó da tía que mímano, fártano e darían por il a vida? O que máis temía, abofé, era pensar que me desbotara coma unha persoa allea. Na miña testa remuiñaban unha morea de ideas pra dar coa maneira de gañalo. E, Santo Ceo, dende o primeiro intre non se ceiba de min.”

As bágoas enmudeceron a mai emigrante. Facíase cruces de tamaño miragre. Non cavilara na outura da paixón maternal, superior a calqueira outra, nen que os pulos máis íntimos, os estremecementos amorosos máis recónditos do sangue das súas veas ecoaban no sistema nervoso do meniño, un coela, en tan outo grado de arroubamento, que a coitada criatura apurábaos con delirio. Il no seu desenrolo, inda primario, agradecía o que outros cativos non sabían apreciar por serlles habitual!

Tristeiro despertar, abofé, cando se profunda nas raigañas dun pobo!

Moito progreso. Moitos millós pra estradas, pra escolas, pra fogares, pra Seguridade Social. Moito sol. Moitos veraneantes con pesos nos bulsós; pero a realidá é que as milloras chegan a destempo e non cubren nen resoven necesidás máis que un porcentaxe ínfimo. ¿E qué solventarían se voltáramos definitivamente o tercio de galegos espallados polo mundo?

Tanto turista con cartos nos petos, tanta festa, tanta ledicia nos alcantos de pais e fillos, ¿cánto dura? Pouco custa sabelo. É tan doado... Unha curta camiñada á estación máis prósima de ferrocarril abonda:

Alí veremos os andéns – !que ben dibuxou Castelao a despedida do emigrante nun porto transatlántico! – mestos de xentes de todas edades. E no diario local, con letras de molde leremos: “AYER NUEVO RECORD DE VIAJEROS”.

Pro Correo de Galicia no Día das Letras Galegas, Bos Ires, 10 Maio 1974

A continuación recóllense escritos emitidos no programa de radio “Vivir Galicia” de Xuño a Setembro de 1989 dentro do magazine “Verano fantástico fin de semana de Radio Popular

de Lugo. Algún dos escritos preséntase ampliados ó existir artigos publicados máis extensos cos emitidos no programa de radio.

1. Illas Cíes

A curta sin gladura que fixemos pola ría Viguesa para visitarmos as Illas Cíes foi unha excursión inesquecible que nos embebedeu totalmente coa paisaxe e a limpeza purísima do ceo.

A estacion de Pasaxe da Ría era un fervedoiro de xente agardando o comenzo do paseo marítimo. O vapor que nos había de levar pola badía, deu comenzo a manobra de desatraque e os outavoces repenicaron unha muiñeira, logo unha sardana e un chotis madrileño, tornando a Montes e Pascual Veiga para seguir percorrendo no folklore español con notas sevillanas, variles acentos aragoneses e ledos floreos de gaita...

Axiña deixamos a estación Transatlántica, enfeitada por pavellons de diversas roitas marítimas, o típico barrio pescador do Berbes e as fábricas conserveiras de bouzas.

No colo da ría recuaban o monte da Guía e o espreito de Rande, Sartego glorioso das embarcacións galegas afondadas no século XVIII polos propios valentes mariñeiros para impedir que foran presa do pirata inglés.

O Castro, cinguido por modernas construcións que dan fé da vitalidade de Vigo, cada vez mais lonxe, íase difuminando nos algodóns de canícula.

A badía espreguizábase, pola banda esquerda, ata as praias de Samil e a Illa Doralla, que, unida por unha ponte á terra firme, ve medrar maxestuoso un novo hotel acorde có “boom” turístico que estraga o entorno.

Pola dereita estalícase ata Canga, a vila das grandes fábricas de conserva, do barullo administrativo, rebuldeiro e feliz do veraneante que disfruta da inesgotable fermosura da ría, exuberante en perspectivas de formas e tonos varios, espléndida en sombras de magnorio, de eucalipto, de laranxo e enespaciosos areales para bañistas...

Tras unha hora de navegación, tocamos no embarcadoro das “Illas dos Deuses”, como anuncia o Slogan. Milleiros de aves mariñas saúdan a nosa chegada, e a Praia de area fina, auga verdosa, e quente, invítanos ó baño de Nantes de explorar o xigante rompe-olas que se interpón entre o encrespado océano e abadía en calma. Logo, cal novos Robinsóns Crusoes, rubimos ó Faro por vieiros inverosímiles e dende aquela atalaia, ollamos o compendio máis maravilloso e completo que endexamais soñáramos das máis variadas formas xeográficas: ás nosas costas, o continente; a esquerda, a Illa de San Martín; de frente, o inmenso océano; á dereita, picoutos maxestuosos, acoetelados coma se tiveran nado nas fragas dunha estarrecedora treboada. Dende o cume da Illa do Faro, ollamos o apacible lago, as furnas, os acantilados batidos polo mallo Atlántico, o Camping -

¿resurrección do espírito panteísta? – Acaneado pola brisa do estenso piñeiral, a ría manseliña, as gaibotas de voo canso, a lagartixas tomando o sol nos escarpados penedos...

¡Canto recordo, canta lembanza, canto saber acóchanse nas cíes que endexamáis podemos desentrañar! ¿Son realmente anacos doutro continente asulagado no Atlántico? ¿Que raras historias podían contarnos as Cíes dos soldados de Xulio César, en desfeita, que atoparon refuxio nos seus rochedos? ¿Que malas artes non saberán elas dos piratas normandos, dos ingleses de Drake e dos bereberes que chegaron ás súas costas enpurrados polo roubo e o crime?

“Illas dos Deuses!” Os destragos turísticos invaden tódolos recunchos da nosa Terra. Avós aínda non vos luxaron e mostrades as vosas gracias sen desenfreos nin rebumbios multitudinarios de grea masificada. ¡Mantedes a dignidade dun templo celta!

El Progreso, 29-7-1973

2.

Malpica, vila enxebre

Quen, pasados quince anos – poño por caso – viaxe dende Lugo á Coruña camiño da “Costa da Morte”, en chegando a Burgo e á Avenida Alfonso Molina perto da estación férrea herculina, atoparase coa sorpresa dunha nova cidá que espalla as súas medras en todas direcións: Miles de vivendas en Elviña; grandes avenidas con folgos de autopistas; no polígono de A Grela a Bens empresas de aluminio, electrodos, cristal e a refinería de petróleo co seu mecheiro anunciando o avance triunfal da industria...

Supoñamos un viaxeiro – mergullado no slogan “marisco lacón con grelos – que, percorrendo a costa entrou na cidá cosmopolita de escalestris e rasgaceos; de rendistas e intermediarios zugadoros de puros habanos diante dun pociño de café; de veraneantes a pasear nos Cantóns enfeitados con frores esóticas e frondosos magnolios... Cando no seu afán queima kilómetros deixe a Coruña pola carretera de Fisterra dubidar, abofé, que Eiviña e A Grela formen parte do mesmo conxunto.

E obrigado recoñecer tal realidade: A Coruña, que se estalica por agros e leiras do interior, é o reverso da outra que folga en “Santa Cristina” ou na praia de Riazor e no contino deambular pola calle Real.

A zona industrial alanca ben programada e promete un futuro ricaz no Polígono de Sabón, Axuntamento de Arteixo, coas modernas instalacións termoeléctricas e as parcelas adxudicadas xa a novas factorías que chandaron grandes letreiros – atal bandeiras victoriosas – anunciando a súa razón social.

Mais... Sigamos camiño porque a nosa meta é Malpica. Somentes demoramos un intre en carballo, importante centro de estradas e capital comercial da rexión bergantiñán, de feitura e construcións novas, rúas amplas, bucólica alameda, renomeadas augas

mediciñais e minas de Wólfram, que acadaron un gran desenvolvemento en tempos recuados. E sen deternos pasamos por Buño, o pobo das coñecidas cerámicas artesanais.

Outros nove kilómetros e, no cabo dunha encosta, ollamos, coma unha concha xigante, a mariñeira Malpica, defendida dos ímpetos do mar polo cabo de San Adrián e polas illas Sisargas. ¡Que paisaxe de milagre en agarda do mestre que plasme tanto feitizo nun lenzo inmortal!.

Durante ó curto descenso ollamos, á dereita, o diminuto porto, ben agarimado, cheo de embarcacións, pintadas de rechamantes cores e dispostas a saíren a alta mar. Á esquerda – Malpica é unha minúscula península moi semellante á coruñesa – a longa praia de Area Maior, e ó lonxe, unha inesquecible panorámica: a Sisarga Grande e a Sisarga Chica, que o mar separa soamente coas mareas altas.

Malpica é unha vila enxebre de casas acristaladas que esvaran deica o mar. Os berros das gueivotas e os cortantes brúidos das chireas ecoan nas rúas retortas onde se respira un ambiente salgado, e a xente rebule coas tarefas peixeiras na lonxa e na fábrica de xelo, preparando as capturas, que, de mañá cedo, emprenderán os camiños das grandes cidades.

Entramos nun restaurante, empoleirado, coma un vixía no cume dun rochedo. A través das grandes fiestras ollamos outra volta a extraordinaria visión da paisaxe e preguntamos ó dono do establecemento:

- ¿As illas están habitadas?

A resposta é rápida, sesente, cun deixo que impídenos comprender.

- Si, polos torreiros.

- (¿?)

Hai moito rebumbio no local e respóstanos de novo.

Alí viven os fareiros

Diante da nosa “xordeira” aclara:

- Somentes viven os, que están o cargo da torre ou Faro.

Sentimos vergoña e achacamos ó barullo alí reinante a nosa incomprensión; pero o bon do home ben se decata que somos galegos, si, mais de terra adentro e non afeitos a lésico do litoral.

Cando, pola serán, deixamos o pobo, dende o cimo da encosta oímos bruar o mar con escumosos laios e o porto parece mais feiticeiro aínda cos derradeiros raios do sol que se escoa no horizonte.

Non puidemos chegar a Ponteceso nen ver o río Allóns, nen Laxe, nen o Dolmen de Dombate, nen ouvir os “Queixumes dos pinos”, nen ir á Nosa Señora de Barca, nen a Camariñas, nen a Fisterra...

Non tivemos a dita de coñecer as terras do esgrevio Pondal. A excursión foi pequena e acordada tarde. Debemos emigrar; pero un xuramento fica en pé: As próximas vacacións percorrерemos os camiños d obardo inmortal!

El Progreso, 3-3-1974

3. Carboeiro

Na “Guía de Galicia”, de Ramón Otero Pedrayo, que tras varias décadas dende a súa primeira edición (1926), aínda segue a ser o mellor libro de consulta para o viaxeiro anxeioso de coñecer a historia e as comarcas da nosa terra, lin, hai anos, que a igrexa do antigo mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro é una xoia do monacato de Galicia, e, durante unha viaxe a lalín, lembrei ó mestre de Trasalba e achegeime a Silleda para visitar o vello cenobio fundado polos condes Don Gonzalo e Dona Teresa, a mediados do século X, durante o reinado de Ramiro II. Carboeiro atópase a pouco máis dunha legua da capitalidade do concello, unha miuda chaira cinguida polo río Cea, que xoga a cartos crecentes e a cartos menguantes entre a mesta arboreda. A disilusión do viaxeiro é grande ó ver centos de pedras de cantería ciscadas nas inmediacións e ó redor do monumento, considerado por Antonio López Ferreiro como un dos máis puros da arte románica galega. O templo, de tres naves, presbiterio rodeado de columnas o con cinco capelas, conserva aportada de solpor con fermosísima iconografía e as tres ábsides perfectas.

Árbores, arbustos, edras e silvas medran no solar do mosteiro e entre as regandixas dos nobres muros de sillería. A pesar de todo, diante de tamaño estrago arqueolóxico, renace en nós a esperanza da recuperación do vello monumento ó ver un indicador do Patrimonio Artístico anunciando a súa restauración.

Xosé González Alonso é un bo artesán en nogueira, aveneiro, bídalo, espiño e raíz de uz. Fai santos, xarras, tazas, con tal arte que foi galardonado na Exposición de Artesans das Feiras de Silleda. El está ilusionado coa restauración do, noutrora, priorato dependente de San Martiño Pinario de Compostela. Por el sabemos que seica queren arranxalo para parador de turismo. Mesmo a beira do río hai fontes moi ricas en augas minerais, como a de Pego e a do Baño, salutíferas para o corazón a os doenzas da pel. Aínda que sexa para convertilo nun centro turístico, o interesante é que obra tan artística non acabe esborrallándose.

4. Bonxe

Un bo xeito de vivir Galicia – coido eu – é viaxar para coñecer os nosos monumentos, a nosa historia, e as artes do noso pobo. En Bonxe, Indalecio Lombao López, a súa dona Xosefa Ferro, e a filla, Pepiña, conservan aínda hoxe a tradición alfareira dos devanceiros.

O artesán, rebordante de amabilidade, móstranos o alfar, o forno, o almacén, e atende as nosas preguntas: nun patio traseiro da casa, ó aire libre, debaixo dun cobertizo a xeito de dosel, sobre columnas, atópase o forno tipo ferradura de cabalo que Indalecio lombao asegura ser da época romana.

Os apeiros necesarios para pulir os cacharros fabricaos el mesmo con madeira de buxo, os pinceis para pintar chamados “hisopes” teñen pelos de orella de vaca ou de burro. Emprega dúas clases de barro: o de “Freba”, que ten moita liga, o e de “San Lourenzo”, que non ten liga ningunha e mestúrase co de “Freba”. O de “San Lourenzo” encontrase nun monte cercano a tres metros de fondo. Non ten máis de 20 centímetros e por enriba esta cuberto de “zurudo”, que non da bo baño nin resiste os 900° de temperatura necesarios. Debaixo da beta está o “Lar”, que ten area pero, pegado ó “Lar” atópase en cantidades moi pequenas o apreciado barro branco de pintar.

No almacén ficamos barados. Xerros, sellas, olas, botixos redondos, de rosca cadrada e plana, figuras, muñecos, candís, caretas, o torpedo para dous líquidos ideado polo ceramista, ata 52 “cacharros” diferentes son unha abundosa mostra da arte da familia Lombao. Mentres ollamos como Pepiña pinta con barro branco unha careta co disintivo dunha lúa ¿símbolo celta quizais?, o Indalecio dinos: “Penso que a administración debería crear becas para que os rapaces poidan aprender o oficio, ondenón os alfares, de tanta raigame en Galicia, desaparecerán”.

5. Seivane

Coñocín a Xosé Seivane Rivas en Barcelona onde hai sete anos inaugurou o taller de gaitas do seu fillo, Álvaro. E encanto tive en ocasión visiteino no seu obradoiro en Chao de Pousadoiro, capitalidade de Riveira de Piquín. Mostrounos varios modelos de gaitas e zanfonas. Andrade e máis eu ficamos barados diante dunha valiosa gaita con incrustacións de marfín e de outras talladas artisticamente.

Xosé Seibane, con gubias e buriles de corte de madeira, ferramentas fabricadas por el mesmo, traballa en granadillo, ébano e palo santo, que teñen un timbre cristalino e máis agudo, pero que gardan a mesma tonalidade con maior potencia; tamén traballa en “palo rosa”, acacia de Cuba e caoba, madeiras máis compactas que aproveitan mellor o sonido. A madeira de buxo, máis tradicional, é nobre tamén e ten un sonido máis doce.

O famoso constructor de gaitas láíase da falla de subvencións. Traballador e emprendedor, Xosé Seivane Rivas matina nun gran taller familiar e con esa idea esta a preparar un novo local no que el e o seus fillos poderan incrementar a produción para satisfacer a demanda de gaitas e

zanfonas que cada día vai a máis.

A Seivane a vocación artesanal veulle de moi novo. Pero tamén é un gran amante da música. “O que non se debe facer – afirma – é construír gaitas de batalla con madeiras de freixo, cerdeira, ou teca. Cántos homes con grandes cualidades para ser bos gaiteiros se malogaron por bateren unha gaita de calidade ruín. En troques, outros que tiveron a sorte de coller unha gaita ben afinada, valoraron o seu mérito e convertíronse en grandes gaiteiros”.

6.

Lugo

PASEO POR LUGO

¿Como nos sustraer á idea de percorre-la nosa cidade para esculcar tódolos recantos urbanos e cavilar diante dos monumentos que nos legaron os antergos?

Tras dous kilómetros longos de orixinal e maravilloso paseo aéreo polo adarve, case circular, da enorme fortaleza do sistema militar romano, de máis de catro metros de ancho, entre doce e quince de altura e dúcias de cubos que lle dan maxestuosidade, demorámonos para regalarnos coa paisaxe de verdes costas a arrebolarse deica o Miño e, cando ollamos para o Camiño de Santiago que se perde na lonxanía, acode á nosa imaxinación a lembranza dos antigos moradores deste castro ¿celtas quizais? que habitaban en chousas circulares, labouraban as terras e procuraban do gando tranquilamente canda unhe serán oíron estarrecidos grande troupeleio de cabalos profanadores daquel remanso de paz. Eran os invencibles mílites do Imperio, as lexións do cónsul da España Ulterior, Decio Xulio Bruto, O Galaico, coroado co loureiro do triunfo e aclamado en Roma polas súas fazañas en Galaecia. Eran as cuádrigas de Xulio César que viñan de fundar Asturica Augusti e que acamparon no castro axexante e domeador de lonxanes horizontes para gozar dun acougo merecido. Tampouco é de extrañar que, embebedados pola paisaxe e a importancia estratéxica do castro, fundaran a nova acrópolis - Lucus Augusti - un dos sete Conventos Xurídicos da provincia tarraconense.

Baixamos pola calzada romana e, preto da ponte vella, viramos á esquerda. E obrigada a visita ás termas "as máis antigas", segundo o historiador Plinio, que conservan tres cámaras abovedadas con hornacinas de fábrica romana construídas con laxes pizarrentas. Eles, que eran moi dados ás ablucións e tiñan moita fe na virtude curativa das augas quentes, aspiraban os bafos benefactores para sanar as doenzas reumáticas. Coitos enfermos, inda hoxe, procuran alí a saúde. Lástima que o hotel-balneario non reciba axudas oficiais para unha axeitada explotación das cualidades salutíferas das augas que brotan na turística ribeira do Miño.

A CATEDRAL

Entramos pola porta de Santiago para visita-la catedral, monumento histórico imprescindible para coñece-la arte, as leis, os mitos, as ideas e os homes que gobernaron durante xeneracións, a capital lucense.

A basílica actual presenta diferentes estilos: gótico, plateresco, neoclásico, barroco e románico. Este, na fachada norte, está representado pola granítica fachada ornamentada por un tímpano cun Cristo-Maxestade sedente a ollarnos agarimoso e paternal, co Libro da Vida baixo sete selos e cos pés nús sobre un capitel aéreo que representa a Santa Cea. Ambos elementos son as xoias máis apreciadas da catedral»

O coro, obra de Francisco Moure, é unha sucesión impresionante de 63 tallas en nogueira do século XVII, nas que podemos admirar artísticos medallóns, estampas de santos, evanxelistas, apóstoles e o propio artista.

No altar maior resaltan as estatuas mármores de catro anxos que adoran ó Santo Sacramento exposto día e noite por privilexio especial dende tempos remotísimos. A Octava de Corpus é unha gran festa galega. En tal día os sete alcaldes do antigo Reino de Galicia fan a secular ofrenda ó Santísimo. O polícromo presbiterio, así como a fachada principal, son obra da segunda metade do século XVIII baixo o pontificado do bispo don Xoán Sáenz de Buruaga durante o reinado de Carlos III.

Na capela de San Froilán hai un sepulcro que, segundo a tradición contén os restos da súa nai, Santa Froila, pero investigadores, coma García Conde e Narciso Peinado, coidan que neste sarcófago do s. IX están as cinzas do bispo Odoario. A muller representada na escultura mortuoria é, máis ben, a alma do bispo transportada por anxos cara a presenza de Deus. Coido atinada a teoría destes eruditos inda que non sexa do agrado dos devotos da nai do noso Patrón, o santo bispo de León.

O gran arquitecto don Fernando de Casas Nóvoa legounos o claustro e a capela barroca de Nosa Señora dos Ollos Grandes, copatrona de Lugo. Os reis Alfonso Magno e Dona Urraca fixéronlle donacións; O Rei Sabio escribiu en fermosas coplas o milagre de Santa María de Lugo que sanou unha tolleita. Conta a tradición que a nosa Patrona foi a inspiradora da Salve Regina atribuída ó bispo San Pedro de Mezonzo, refugiado en Lugo namentres durou o saqueo de Almanzor a Compostela e, hoxe en día, o prologuista de “Lugo”, do inolvidable Alvaro Cunqueiro, asevera que coñeceu unha princesa extranxeira que ficou fortemente impresionada polos grandes ollos da imaxe pétrea do século XII.

7.

Lugo

IMOS SEGUIR PASEANDO POR LUGO

Sáímos da catedral cheos de cavilacións. Dende a chegada dos romanos ata a construción do templo transcurriron doce sécalos. ¿Qué sabemos de certo de tan longo período? Temos que acudir á epigrafía, á numismática, á arqueoloxía porque a documentación escrita é cativa e os Cronicóns tratan feitos tan inverosímiles coma o da fundación da Sé lucense por Santiago e que o primeiro bispo foi San Capitón.

Tampouco é seguro que se celebraran en Lugo concilios para condenar a Presciliano, nin se pode afirmar con certeza que os Suevos pasaran a coitelo e fogo ós habitantes da cidade na Pascua do 462. Só podemos dar creto á invasión comandada por Muza e, inda esta, aparece tinguida pola anécdota: os lugueses, capitaneados por Rivadeneira, para demostrar que podían resistir o asedio mouro, dende unha torre da muralla botáronlles un bolo e un año. Por este feito, conta a traición, o xefe galego pasou a chamarse Bolaño Rivadeneira.

Cruzamo-la praza aportalada do Campo con graníticas columnas, que moitos historiadores relacionan co antigo foro romano, e atopámonos cunha fonte monumental atribuída a Odoario, restaurador da cidade destruída polos mouros. Seguimos a carón das construcións blasonadas do século dezaioito das rúas da Cruz, Conde de Pallares e Doutor Castro, onde foron descubertos os mosaicos romanos que poden admirarse no Museo Arqueolóxico Nacional, e embocamos na Praza Maior, proporcionada peza rectangular, con animado paseo baixo dos soportais; o Consistorio de amplas arcadas, frontón blasonado e esbelta torre do reloxo reflexando os roibéns do sol nos longos atardeceres de verán; o convento de San Francisco: o Círculo das Artes; os xardíns, os carnosos magnolios; a alameda de frondosas árbores ornamentada por catro lións fundidos na Real Fábrica de Sargadelos, e a balconada que dá vista á ábside e á torre do reloxo da catedral. Esta praza maior e o lugar de cita para xuntanzas; centro de tertulia de amigos, intelectuais e turistas; paraíso dos meniños a xugar algareiros baixo a mirada protectora das nais; punto de reunión arredor do palco da música para escoita-la Banda Municipal os xoves pola serán e os días santos denantes do xantar.

Da Praza Maior arranca a rúa da Reina, inaugurada no ano 1854 por Isabel II. E unha arteria de centros comerciais, oficinas de banca e un moderno hotel. Esta céntrica vía remata na praza de Santo Domingo onde está o mercado de abastos flanqueado polos conventos de Santo Domingo e San Francisco. Neste ubícase o Museo Provincial, que se está restaurando. Nas súas espaciaosas salas pódese contemplar unha riquísima colección numismática imperial; interesantísimos exemplares de loza da Sargadelos; obras pictóricas de Villamil, Corredoira, Castelao, Julia Minguillón..., augafortes de Castro Gil, unha mostra moi completa de utensilios tradicionais na cocina galega, tallas de Asorey, azabaches, armas, teares, antiquísimos torques celtas custodiados en cámaras acorazadas. No claustro, de fermosos capiteis, pódense estudar aras romanas, sarcófagos, reloxios de sol, muíños e mosaicos da época romana e tamén se atopa a Mariscalá, cadea coa que cautivaron a Pardo

de Cela, e gran cantidade de escudos da nobreza galega. O conxunto forma un todo arquitectónico capaz de encher longas horas dos estudiosos máis esixentes.

O saír do Museo, detémonos diante do ábside exagonal de altos ventanais e demorámonos uns intres, cen metros máis adiante, no convento de Santo Domingo, da mesma época que o anterior. Logo, pola rúa de San Marcos, chegamos á Deputación Provincial e á igrexa de San Froilán, persoeiro ben orixinal por certo, que ten por compañeiro de viaxe ó lobo que lle devorara a montura co que percorría as terras do Cebreiro. O santo eremita fixo o milagre de domestica-la fera que seguía ó seu amo mainiña carregada de alforxas cheas de libros e codelos de pan.

8. Lugo

PARA VIVIR GALICIA REMATAREMOS O PASEO POR LUGO VISITANDO A CIDADE EXTRAMUROS

Non é raro oír dicir os lugueses, orgullosos da expansión da capital: "E moito maior a cidade de extramuros, estes derradeiros anos Lugo medrou moi to..."

Teñen razón. Saíndo pola porta de San Fernando, a carretera de A Coruña, cun trafego enxordecedor, lévanos ó moderno arrabal de A Milagrosa, as instalacións de Frigsa onde se ubica o auditorio municipal.

Se escolmamo-la rota que arrinca da Porta Nova, chegamos á Colonia Miño, con amplas rúas e construcións dignas dunha cidade da primeiro orde. Se baixamos pola porta do Bispo Odoario, chegamos á Fonte dos Ranchos, confluencia da Segunda Ronda a da nova vía de penetración Madrid-Coruña-Santiago que cabalga sobre a esbelta ponte nova, anceiada durante longos anos, e que veu a solucionar enormes atrancos de tráfico.

Estamos na Cidade Residencial da Seguridade Social e moi preto da zona deportiva. Dende a Fonte dos Ranchos - hoxe Praza do Exército Español -ata a carretera vella de Santiago, en suave descenso deica o paseo fluvial e, pola dereita, limitando coa paradisíaca carretera de Hombreiro, o Concello lugués planificou unha moderna urbanización que será - así o désexamos - moi acolledora e unha regalía para o acougo e o ocio.

Nas tardes quentes do verán, a Porta do Bispo Aguirre lévanos ó Parque Rosalía de Castro, casa de paz, paraíso dos picariños que esbaran nos tobogáns e acanéanse nos columpios. Lugar preferido dos adolescentes namorados, xardín acolledor de maiores e novos onde deambulan maxestuosos pavos reais e peteiran aves exóticas entre a xente...Difícilmente atoparemos un mirador que supere o deste parque: bucólicas lonxanías con leiras, outeiros, prados, arboredas, camiños e agros tal remendos de diferentes cores...

En primeiro termo, aló no fondo, o pai Miño serpenteando pacífico baixo a ponte vella, agarimando a praia do Club Fluvial, finchado e cheo de orgullo coa ponte nova ás costas.

Deixámo-los cisnes surcando, tal naves viquingas, as augas quedas dos estanque; ollamos respetuosos o monumento ó inolvidable alcalde de Lugo, don Anxel López, impulsor deste zona luguesa, e seguímo-lo noso camiño sentindo a mirada agarimosa do busto da doce Rosalía; A lembranza daquel recanto de paz non nos abandonará endexamais.

Polo paseo dos tilos, a Avenida de Ramón Ferreiro, Fingoi e a zona universitaria, percorremo-la tacante urbanización residencial e cultural de Lugo. Esta parte da cidade, de rúas ordenadas e modernas, é a mostra máis determinante do seu dinamismo, do seu afán de futuro.

Encamiñámonos a Montirón e na Ronda de San Xillao con fermosísimas panorámicas do viaducto da Chanca e o Polígono do Sagrado Corazón, torcemos cara o popular barrio de San Roque para entrar novamente no recinto amurallado pola porta de San Pedro - a Toledana - orixe do antergo rousar das dilixencias que se dirixían a Castela. A comercial e costaneira rúa de San Pedro devólvenos ó centro de Lugo. Estamos cansos, realmente, de tan longo periplo pero sabemos dun recanto axeitado para relaxa-lo corpo e descansa-lo espírito.

Traspasada a Porta de Campo Castelo, hai un trafego constante debido a Estación de Autobuses, atinado logro da concentración de transporte de vixeiros; pero, á man dereita, salvouse un recuncho de frondosas árbores que, a pesar das miúdas dimensións, é un remanso de paz. A fonte pétreo, coas rans de cantería despedindo cambiantes chorros de auga, o escudo floral da idade no verde cespede, os raios do sol afuracando pola ramallada arbórea, o frecor da auga cantareira, por veces maxestuosa subindo ó máis alto, por veces humilde e con folgos cativos, fan deste recento minúsculo o lugar ideal para cismar.

Nomenclatura de Lugo

Rememoramo-lo longo deambular e reparemos na nomenclatura do plano-guía . Nomes de bispos, montes, pobos galegos, frores, aves, ríos, palabras enxebres como Rúa do Ameneiro, do Merlo, do Pombal, da Fraga, das Anduriñas...Outras, de persoeiros : Ramón Cabanillas, Concepción Arenal... Pero atopamos grandes fallas, Ningunhe rúa nos lembre a San Rosendo, Rodrigo Ovéquiz, o conde que non se deixou domear polo rei alleo de León; María Castañeira, célebre no século XIV, que se ergueu en defensa do seu pobo; don Fernando de Castro, conde de Trastámara, de Lemos e Sarria (Aquí yace toda la Lealtad de España) que resistiu heroicamente o asedio do bastardo Enrique II; o bispo Fray Alonso Enríquez, que se negou a entrega-la cidade ó centralismo dos Reis Católicos vencedores pola forza das armas; Miguel Solís, o coronel xefe da sublevación liberal do 1846; os poetas Aureliano Pereira, Xesús Rodríguez López, Curros, Pondal...; o xurista Luis Porteiro Garea; Castelao, Del Valle Inclán, Asorey...

Onde se mantén o enxebrismo na nomenclatura de Lugo é nos barrios: As Pereiras, Rosende, A Piringalla, Castelo, A Chanca, A Cheda, Fingoi, Saamasas e moitos máis.

Sería un bo labor estudia-las nosas orixes, a nosa historia, coidar da lingua e das nosas diferenciacións para nos defender do uniformismo que nos invade. Deica hoxe, Galicia conservou o romance máis antigo de orixe latino. E o monumento meirande que nos legaron os nosos devanceiros. A iles debémoslles a nosa identidade como país. ¿Por que non revisamos a nomenclatura do plano-guía empregando a lingua galega e rotulando as nosas rúas con nomes de persoeiros de Galicia ou tradicionais?

El Ideal Gallego, 20-IV-1976

El Progreso, 29-VI-1980

9. Santa Comba

SANTA COMBA ¿NINFEO ROMANO CRISTIANIZADO?

Non falaremos de vizosa paisaxe, das ricas veigas, dos transparentes regatos, nin da "ría", terra adentro, orixinada polo salto de As Conchas, que asulagou a romana Ponte Pedriña e Baños de Bende -Aquis Querquernis-do Itinerario de Antonino. A paisaxe exuberante ancheu tantas páxinas de inspirados literatos que, demorarnos na súa descripción, sería un tópico.

En Baños de Bande coincidimos co equipo dirixido polo profesor do Departamento de Historia Antiga da Univeriidade de Deusto, que estaba a facer traballos de excavación no lugar onde parece ser que houbo un campamento romano no itinerario Braga-Astorga.

Xa se conseguiu poñer ó descuberto parte da muralla de "Aquis Cuernis" e atoparonse lápidas, miliarios e unha estela romana de gran importancia arqueolóxica. Desexámoslles ós profesores e alumnos - hainos de Deusto, Santiago, Barcelona, Zaragoza e a Universidade de Tübingen - que os meirandes éxitos coroen os seus traballos científicos.

Moi preto, á man dereita, atopamos o estreito camiño que sube ata Santa Comba, singular xoia do s. VII.

Para visitala é mester acudir a Mercedes Sieiro, quen atende gustosa o noso desexo. A Mercedes comparte os seus traballos diarios na rectoral - é irmá do párroco - coas atencións ós visitantes que chegan a cotío a Santa Comba co afán de coñece-lo templo visigótico.

Ten ben aprendida a lección a nosa acompañante. Bo Cicerone, abofé.

“O pórtico - dinos - é do século XVII. Este miliario atopouse na calzada romana. Este outro foi convertido en pía de auga bendita. A planta da igrexa é de cruz grega. O altar, que é de mármore, a cúpula, o arco de ferradura e a celosía son do VII. As pinturas, do XII, e estes dous capiteis, do século cuarto”.

Deste xeito sinxelo, case telegráfico vaimos informando Mercedes Sieiro mentres percorremos a famosa igrexa visigótica. O noso desexo de coñecer-lo ancestral monumento cumpriuse. Esta xoia arquitectónica é máis antiga, segundo os técnicos, as de San Juan de Baños, en Palencia, e a de San Pedro de la Nave, en Zamora. Garda o sepulcro valeiro de San Torcuato - as cinzas consérvense en Celanova - e unha ara romana. As columnas de mármore/ as pinturas - sol, lúa, estrelas - asociáronse na miña idea a Santa Eulalia de Bóveda. ¿Non sería o templo de Santa Comba un ninfeo romano cristianizado na era visigótica?.

Somos conscientes do moito que nos restou por visitar: Lobeira, sede da Xunta de Galicia durante a invasión napoleónica; Manín, onde a Patroa de Ourense, Santa Eufemia, recibiu martirio; San Martiño de Grou; Castro de Montelongo... Non podíamos demorarnos máis e voltamos a Celanova para seguir, pola estrada de Filgueira, camiño de Vigo.

HOMENAXE ACURROS

O deixar Celanova aínda nos agardaba outra sorpresa. Seguíamos a cavilar no gran galego sementador de cultura na alta Idade Media e no barroco mosteiro de San Salteador, que garda as súas cinzas na espera cristiana da Resurrección, cando chegamos á Gandarela. Diante dos nosos ollos apareceu unha inesquecible panorámica. Non puidemos resisti-la tentación de baixar do utilitario para contemplar e retratar aquela repentina paisaxe sen parello: ós nosos pes, no fondo do val, a torre de homenaxe de Vilanova das Infantas semellaba un forte-vixía-defensor da pequerrichiña Virxe de Cristal, cantada polo inmortal poeta Manuel Curros Enríquez quen, se ben é verdade que escribiu poemas ateos e as ferintes triadas de O DIVINO SAINETE, non se pode esquecer que el enriqueceu a literatura galega co mellor poema relixioso que se teña escrito endexamais na nosa lingua.

No centenario da publicación "Aires da miña Terra", dende A Gandarela, ollando Vilanova das Infantas onde máis tarde contemplaríamos a minúscula imaxe, lembrámo-lo seu inspirado canto "A Virxen de Cristal". ¿Podiamos tributar ó poeta homenaxe mellor?

Esta e unha pedriña, pedra,

Tan rara, tan pulidiña,

Como outra n-orbe non hai.

¡Mesmo parece unha bágoa

D-os ollos de Dios caída.

Pra se quedar convertida

En cárcere da sua Nai!

¡Qué hermosa está dentro d'ela,

Que linda Nosa-Señora!

¡Con qué gracia seductora

Deixa seu sembrante ver!

¡Por Ollos ten dous luceiros;

Por dentes, pelras d'os mares;

Por greñas, rayos solares;

Por risa... un amanecer!

El Progreso, 14 - XII - 1980

10. Celanova

SAN SALVADOR DE CELANOVA XOIA BARROCA E NEOCLÁSICA

Nas apuradas viaxes, con moito de improvisación, non é doado atopar a persoa capaz para informar axeitadamente ó viaxante inqueda por coñecer as xoias que atesoura o noso pobo. Pero nós tivemos sorte porque, na visita ó mosteiro de San Salvador de Celanova, atendeunos don Manuel Iglesias Grande, párroco de San Rosendo de Celanova quen nos acompañou por tódalas dependencias da monumental obra granítica que el estudiou con tal agarimo que hoxe en día pódesele considerar un dos mellores entendidos na arte, a historia e a arquitectura do enorme cenobio.

Son de admirar a escaleira abacial, o artesanado e o escudo de San Rosendo. O coro alto, gótico flamíxero, de finais do XV, conserva sesenta sitios con tallas, nas chamadas "Misericordias", con distintas motivacións mitolóxicas e burlescas; persoeiros bíblicos, peixes, unha sirena de mar, un freire con orellas de burro, artistas tengendo variados

instrumentos musicais, entre os que nos aliedou ver un gaiteiro. Tamén é de grande interés o libro de Coro, de follas de vitela. Na biblioteca gárdanse 21 tomos do Oficio Divino completo e o órgano, que conserva íntegra a fachada barroca.

Don Manuel Iglesias révese explicando a historia, os feitos e a arte vivos nas graníticas pedras dos claustros; o barroco (a parte baixa é da segunda metade do s. XVI; a alta, do segundo tercio do XVIII) con figuras de reis como Carlos V e Felipe II, abades bispos e apostóles, reloxios de sol, gárgolas rematadas en cabezas de aguías, tigres, cocodrilos, ras... O neoclásico (1711-1722) ten a orixinalidade de tres longas balconadas - chamadas poleiros - que servían de acceso ás celas dos novicios.

Outra xoia é o coro baixo de comezos do s. XVIII, con tallas que perpetúan feitos de San Bieito, escenas da vida de San Rosendo e relevos de San Pedro e San Pablo.

O retábulo maior é obra de Francisco de Canseco, con maxestuosas columnas salomónicas e abondosos motivos barrocos dourados e dúas artísticas urnas de prata, do orfebre Juan de Nápoles (1601), que gardan os restos de San Rosendo e de San Torcuato, discípulo de Santiago e primeiro bispo de Guadix.

"Agora verán vostedes uns cedros únicos en España. So Italia conta cunha arte semellante", dinos o párroco, afervoadado velador das riquezas do templo. E, realmente, quedamos asombrados diante dos orixinais relevos de alabastro policromado do s. XVIII - cinco grandes e seis pequenos - que representan escenas da Derradeira Cea, o Laboratorio, a Paixón e a Infancia de Xesús.

Contemplámo-la cúpula pétreo, con base balconada ó redor, as pinturas dos catro evanxelistas, algo deterioradas pola humidade, e entramos na espaciosa sacristía, de bóveda granítica, armarios do s. XVIII, unha longa mesa de ágata e un monumental relicario.

Fóra do recinto sagrado, atópase a canela mozárabe de San Miguel, do século X. É unha igrexa de pequenas dimensións de tres corpos con arcos de ferradura, nave abovedada de medio cañón, cruceiro cadrado con bóveda de arista e ábside octogonal que mesmo semella media laranxa. As ventás son avocinadas a xeito de espeteiras. No aleiro da parte máis alta ten uns modillos con estrelliñas formando fermosos adornos diversos.

"Esta capela é - explícanos don Manuel - posiblemente de tipo funerario; boa proba son os achádegos de lápidas con inscricions referidas a abades e cabaleiros que foron enterrados neste lugar. A súa construción débese a Froila, irmá de San Rosendo".

Había moitos anos que aneciaba coñecer o mosteiro de Celanova, na patria de Curros Enríquez e de Celso Emilio - grandes poetas civís de Galicia - e foi tal a impresión que nos causou a grandiosa fábrica barroca do mosteiro (a estrutura foi rematada no ano 1671) que fixemo-lo propósito de voltar outro ano para estudar demoradamente a tan maxestuosa obra

A Praza Maior, de grandes proporcións, coa fonte monacal e a maxestuosa fachada barroca do cenobio de San Salvador, é unha das máis fermosas que temos visitado por terras de Galicia.

Despois da obrigada visita o convento, noutrora de monxes beneditinos, hoxe parroquia de San Rosendo atendida por dous cregos, con dependencias destinadas á Concello, Xuzgado Comarcal, Cruz Roxa, Centro de Formación Profesional e Instituto de Bacharelato - disfrutamos dun pequeno descanso na terraza dun café, contemplando o monumental frontis do mosteiro, as estatuas de San Rosendo e de San Bieito, as esbeltas columnas, os pináculos, a torre cinguida por unha balconada... Acoden á nosa lembranza as liortas do s. XI entre dona Elvira e o abade Pelaió I; o devalar do cenobio durante o goberno de dona Urraca; o seu rexurdir nos derradeiros anos do reinado de Alfonso VII, a desamortización... Pero agárdanos Santa Comba: outro lugar que nos propuxemos visitar e, tras a obrigada visita o busto de Curros e os xardíns presididos pola estatua de San Rosendo, obra do escultor Buciños, seguimos camiño .

El Progreso, 4 - I - 1981

11. Portomarín

DO MONTE PARAMO A PORTOMARIN

Dende o monte do Páramo (380 m.) a natureza agláiana cunha das panorámicas máis largacías e inesquecibles que se poidan ollar en Galicia. A lonxanía súmese no horizonte. Coma unha enorme colcha de infindos cores feita nos antergos teares da nosa terra, amóstrárenos a orografía de montes, castros, coroas, serras, ríos, regatos, veigas... e aló no fondo, ós nosos pes tal unha rodada de pombiños, o pobo máis novo de cantos se albiscan: Portomarín, que xa é un mozo esgrevio a pesar dos seus poucos anos de vida.

Na alta atalaia, eixe da xigentesca roda, sentimos a ledicia de apreixar cunha ollada a topografía galega que se alonga dende o Cebreiro ata o Faro, dende Os Ancares ata a Terra Chá. Diante de tanta grandeza dubidamos se anicrarnos e adorar a natureza multicolor ou nos erguer e cantar un himno de gloria ós peregrinos que durante tantas xeneracións, atraídos polo engado da Arca Marmórica, baixaban das altas cumes do Cebreiro por Triacastela, Samos, Sarria, Ferreiros, Mirallos, Os Moimentos, Moutrás e Fontedagra ata Portomarín, e seguía n por Cortapezas, Cabanas, Gonzar, Ventas de Narón, Palas, Melide, Arzúa para axionllarse a carón do Sepulcro do Fillo do Trono, na cidade sagrada de Galicia.

Lembremos a historia do vello Camiño Francés, que recorreremos cunha ollada dende o berce do Santo Grial galego deica a lonxanía do monte do Gozo, ás portas da Compostela

do milagre, e baixamos por San Xoán de Friolfe cara Os Moimentos. Con emoción e fondo respecto, tripamos o anaco, que aínda perdura da vella rota xacobeá, testemuño do peregrinar de milleiros de afervoados viaxeiros dende o século IX ós nosos días. A esquerda, a vagoada montesía e ríspida que arrebola, mesta de carballos e castiñeiros centenarios, ata o Loio ruxidor e, na outra beira, - novo camino dos peregrinos motorizados - San Miguel de Paradela, a Croa do Toural, Castro e o lizgairo devalar da carretera entre prados costaneiros, e as revoltas de Verdieiras en procura da miúda veiga de San Xoán de Loio ás portas de Portomarín.

A confluencia das augas do Loio e o Miño forman un lago artificial por mor do embalse de Belesar. A presa érguese 40 kilómetros máis abaixo, na pena de Aviado. Unha illa xurde das augas verdes e quedas, en agarda do complexo turístico tantas veces premetido cantas esquecido...

12. Portomarín

SECULOS DE HISTORIA ASULAGADOS

¿Quen o ía dicir? No Loio, no século nove, Ramiro I fundou a Cofradía dos Cabaleiros da Espada, que deu orixe á Orde dos Cabaleiros do Santiago, ¿Que ficou do templo de Ribaloixio, Santa María da Loio? Hoxe a auga asulágo todo. As ruínas do mosteiro e as viñas que describira Castellá Ferrer o ano 1610 na "Historia del Apóstol Santiago" so vive nos libros e nos vellos pergamiños.

A fermosura bucólica das terras de Paradela, dos soutos e carballeiras anteragos agatuñando polas costas da profunda rega do Loio, esmorece en chegando á noutrora farturenta veiga de Portomarín, anegada polo embalse, cunha fondura de trinta metros e máis de trescentos de ancho. Unha ponte moderna cabalga por riba das augas ancoradas que asulagaron séculos de historia, de tradicións e de laboura diaria. A técnica e os kilowatios non tiveron dó do vello pobo de rúas medievais, Encomenda dos Templarios, descanso anceiado no Camino de Santiago e xa, antes da invasión romana, centro de poboación importante defendida polos castros que hoxe coñecemos cos nomes de Monte do Cristo, Penegresín e Santa Marina.

A modo, ensumidos en cavilacións, cruzamos a ponte namentres contemplamos a larganza do río que retrata as árbores da beira e as brancas nubes ciscadas polo ceo coma enormes madeixas de la virxinal. Lanchas motoras e deportistas practicando o ski acuático zigzaguean nas augas adormiñadas. Desapareceron os caneiros, as pousadas e tabernas que recendían a gorentosas empanadas de anguías e a viño de colleita propia. Xa non fica lembranza das rúas da Marquesa, de Outeiro, de Santa Isabel, de Santiago nin das enxebres: Viela de Reascos, Viela da Gandariña...

¡Canto se ten escrito do daseparecido Portomarín dende o Códice Calixtino (1120) ata Vázquez Saco, Losada Díaz, Seijas Vázquez, Anxel del Castillo, Vázquez Seijas, Narciso Peinado, Víctor López Villarabid e un longo etcétera! As donacións do Conde don Gutierre e a sua dona Ilduara, pais de San Rosendo, ós monxes do mosteiro do Salvador e a Santa Cruz no século X; a traición dos condes de San Pedro de Recelle, don Gonzalo e don Rudesindo Menéndez, compañeiros de Almanzor no ataque a Compostela no ano 997; a destrucción en 1112 da ponte romana para impedir o paso de Alfonso o Batallador; a viaxe de Alfonso IX no 1188 para confirma-la Orde Militar de Santiago; a creación da "Domus Dei", hospital medieval dependente da Orde de San Xoán de Xerusalén (1236); a presenza de Enrique II (1379) e de tantos peregrinos de tódalas clases sociais que cruzaron as augas claras e lizgairas do Pai Miño...

PORTOMARÍN TURÍSTICA

O embalse, como acontece co vento dos desertos, borrou canto se fixo durante siglos. As expropiacións, en moitos casos, foron impostas e máis de oitenta familias tiveron que emigrar. Nos anos secos, unha fonda tristura ensombrece as facianas de cantos coñecimo-lo Portomarín vello. Soamente fican paredes esborralladas, o seu recordo, a súa historia. Os pobos nacen, viven e morren tamén.

O remate da ponte, á man dereita, deixamo-lo Club Náutico e subimo-la empinada escalinata ata o senlleiro arco reconstruído da ponte romana, coroado cola capela de Santiago, e encetámo-la nosa visita ó Portomarín novo. Na rúa de Chantada demorámonos no parque Manuel Blas - presidido por unha monumental fonte de doce canos - con gran variedade de roseiras, abetos, cipreses de xardín, negrillos e o típico "cabaliño" chamado así porque o fondo do seu toro recorda os cascacos dun cabalo. Seguimos, logo, cara o parque Antonio Sanz e o Complexo Agustín del Río, con piscina reglamentaria onde se teñen celebrado concursos de natación e competicións provinciais. O Complexo ten, ademais, toda clase de trebellos para xogos infantís e un artístico cruceiro. Camiñamos outro anaco e chegamos ó campo da festa, balconada empoleirada a esbarar cara o farturento Miño presidida polo palco da música nun campazo longo, rectangular, sombreado por chopos e abetos noviños. Non faltan, abofe, espacios verdes na vila. Luis Jorge, empregado do Concello, fai milagres e, incluso nos máis cativos recantos, nótase a súa arte ornamental de composición xardineira.

O alcalde Eloi Rodríguez López, nativo do pobo asulagado, dinos:

Portomarín é un recién nado. Os homes de trinta anos xa non acordan o pobo vello porque non quedou cousa del. Sería ideal un museo onde se recollera a súa historia, os retábulos barrocos de San Xosé, de San Antonio e do Cristo e os escudos heráldicos das casas dos Berbetoros, do Xeneral Paredes da Condesa, da señora de Albarado, dos Quirogas, da Encomenda e do Hospital espallados en museos, en casas particulares, en mans de anticuarios mesmo no estrenxeiro.

Xosé Luis Hernández Bardera era contable do Parador de Turismo. Agora el é o administrador. Aínda que castelán, integrouse no pobo - a súa muller e os fillos naceron en Portomarín - e ten gran fe no porvir do Parador. O Xosé Luis asegura que é rentable, pois ten nove habitacións dobres ás que so poden engadir oito máis que ocupaba a anterior administración. Ten un comedor capaz para 60 prazas, unha terraza señorial e a súa tranquilidade soamente se ve interrompida polo canto do ouriol, o malvís, o verderol, o merlo, a pega e o croar das ras ó anoitacer.

“É falso - asegura o administrador - que o parador non sexa rentable. Ese problema xa está superado. Portomarín, sen o Parador e sen a Cerámica, morrería. Falause moito de pechalo, pero os veciños endexamais consentiremos que tal cousa suceda, porque o turismo e a maior fonte de ingresos do pobo. Visitamo-la pequena igrexa de San Pedro, monumento románico do século XII, reedificado preto do Parador, e recordámo-las grandes festas adicadas ó primeiro bispo de Roma, nos comezos do verán, con estroncio de foguetes e algarabía de rapazolos durante a procesión do Santo e a Virxe do Rosario polas rúas estrada-con fiuncho, espadana e fentos, ata o parque de Antonio Sanz. Seguindo o noso deambular turístico pola vila pasamos a carón da Casa da Marquesa, de fermosa balconada, residencia estival do bispo de Lugo, e chegamos o Grupo Escolar de E.X.B. "Virxe da Luz", onde reciben ensino 400 nenos que un servizo de autocares recolle no concello e nas parroquias veciñas de Guntín, Paradela, o Páramo para seren atendidos por 22 profesores en aulas todas exteriores e acolledoras, cun promedio de 30 alumnos cada unha.

LOGROS E PROXECTOS

Paseamos demoradamente co alcalde Eloi Rodríguez López, home aberto, con gran facilidade de palabra, activo, coñecido en tódalas oficinas da Administración pola súa tenacidade e o seu diario martelar en demanda de axudas para o municipio. Fálanos, afeuzado, dos logros que agarda acedar e dos proxectos que lle bulen na idea para melloras condicións de vida do seu pobo. O camiño en dereitura á praza do Conde de Fenose fáisenos corto en escoitando tantas aspiracións que semellan doadas. O alcalde non acouga. Sen lugar a dúbidas o labor falta en Portomarín é grande, pero aínda é maior o programado.

"Estamos traballando intensamente -afirma ilusionado - para conseguí-los maiores beneficios posibles en xusta compensación pola perda das veigas anegadas. Hai varios criterios para determina-las cantidades a percibir polo Axuntamento: Canon sobre consumo, número de metros cúbicos de auga embalsada, o valor das terras no intre no que foron anegadas... Temos feito un anteprojecto para edificar 46 novos fogares sociais a través do Ministerio da Vivencia; pretendemos agranda-lo Grupo Escolar para poder impartir cursos de iniciación profesional e BUP; preparamos un camping provisional para o servizo dos peregrinos que, seguindo a tradición xacobeá, transitan a cotío polo noso pobo; e queremos converter en realidade a colonización, tantas veces prometida, do monte do Cristo e de Ferreira, que na actualidade sofren un vergoñento desleixo total. Por outra banda, anecemos unha política de amizade e cooperación cos Concellos veciños - política que xa encetamos coa inauguración dun monolito en honra da vila de Sarria e coa apertura da rúa

de Chantada – e temos “in mente” rotular outras rúas cos nomes dos concellos que lindan co noso: Monterroso, Paradela, O Páramo, Guntín e Taboada.

A PRAZA MAIOR, ESCENARIO CULTURAL

A fábrica austera e rectangular da igrexa de San Nicolás, de ábside románico e feita medieval, aparece diante dos nosos ollos esbelta coma un xigante vixía defensor de toda a comarca e chegamos á espaciosa praza, enmarcada polo fermoso edificio do Concello - con trazas de pazo galego -construcións porticadas de granito, o pazo do xeneral Paredes - hoxe casa sindical - e a fachada da nobre da igrexa, reedificada fielmente a 140 metros do seu antigo emprazamento.

Este conxunto arquitectónico, a pesar dos escasos anos de vida, xa ten sona universal e aparece en cantas guías e folletos se editaron últimamente coa rota do Sepulcro do Apóstol. Xuntanzas folclóricas, culturais, artísticas, musicais, religiosas e mesmo reunións políticas ou cívicas danse cita no enxebre escenario da praza maior. O Ballet "Rey de Viana, "Meigas Trasgos", de Sarria, a Banda Municipal de Lugo, o Grupo de Danzas "Arume", o Ballet Folklórico Ourensán, Certámenes de Gaita, etc. Teñen actuado nos Domingos Folklóricos que, dende hai doce anos, véñense celebrando o mes de agosto. E a Festa do Cristo, o primeiro domingo de setembro, acolle xentes da comarca e dos máis lonxanos currunchos da provincia convertindo a vila nun fervedoiro de rúas intransitables, de pousadas ateigadas de turistas e de merendeiros improvisados arrecendentes ós mellores xantares da variada gastronomía galega.

Unha nova manifestación cultural tense ensaiado na vila de Portomarín: a Coral Polifónica "Meigas e Trasgos", de Sarria, a de Chantada e a de FENOSA deron concertos na igrexa adicados a San Xoán e San Nicolás, que sorprendeu polas óptimas condicións acústicas. Estes actos culturais serven para establecer vencellos de confraternidade entre os pobos e para facer máis grata a estancia en Portomarín ós milleiros de persoas que acuden no verán para participar ou presenciar as xuntanzas artísticas.

OS CABALEIROS DA ALQUITARA

O Portomarín vello - mágoa o corazón dicilo - morreu o ano cincuenta e oito e, con el, ficou asulagada a súa historia secular. Pero o seu espírito co baleiresco antergo rexurdiu ó remate dun xantar entre amigas hai dez anos. Alfredo Sánchez Carro, o alcalde Manuel Cestelo e Antonio Sanz Valdés crearon a “Orde Serenísimas da Alquitara”, que vense reunindo en Capítulo Xeral cada ano co gallo da celebración do “Día da Augardente”. Os Cabaleiros da nova Orde creada en Portomarín son conscientes do poder da mellor augardente do mundo estilada nestas ribeiras, capaz de afoga-las penas, de aleda-los corazóns, de couta-las feridas, de afuxenta-las meigas...

Domingo Salgado Loño é un artesón do pobo que compite cos máis famosos fabricantes de alquitaras de Sober. ¿Quen mellor ca el para nos falar da augardente?

"A alquitara ten un proceso máis lento có alambique; pero con ela acórdase unha augardente moi sabedeira, sen impurezas nin defectos gracias ó capacete de estaño e ó sistema refrigerante. O bullo que empreñamos é mellor das ribeiras de Portomarín, Guntín, O Paramo e das viñas de Loio, San Facundo e San Martiño en terras de Paradela. O Día da Augardente préndese o lume sagro debaixo das alquitaras, ás dez da mañá, na Praza do Conde de Fenosa. A primeira cirimonia consiste na proba da augardente de "cabezas", logo ven a hora do xantar e a queimada ritual e, a media tarde, reúnese o Capítulo Xeral da "Orde Serenísimas da Alquitara" para escoitar ó pregoeiro e investir ós novos cabaleiros, que deben presta-lo seu xuramento de defensores e propagandistas do prezado espírito das nosas ribeiras".

Fermoso o inolvidable camiño que tripei cos pes e disfrutei co espírito tras longos anos de diáspora, dende o monte do Parama ata o novo Portomarín, anaco miúdo pero cheo de historia da rota xacobeá. Obrigada a retornar ó lugar da emigración despois dun curto período estival - lástima que a augardente non ten virtude para escorrentar ese malfado - tamén eu fago a promesa diante do Santísimo Cristo de Portomarín de loubar, onde queira que me atope, as virtudes da augardente das sagras ribeiras do pai Miño, de espallar así a súa fama por España e polo mundo e de defender e velar pola pureza da súa orixe, para regalía de cantos teñan a dita de cata-la incomparable augardente de Portomarín

El Ideal Gallego,6-IX-1981

12. Castro de Viladonga

Para visitar o Castro de Viladonga, a vinte kilómetros de Lugo, viramos a man esquerda por unha estradacostaneira que rube ó monte. E axiña tordemos cara o solporpor outro camiño máis doado que morre á beira dun edificio, a xeito de pazo, destinado a museo. Rubimos a pé, a rampla que leva ó cimo da coroa do castro, a xeito de adarve, e o aglaio foi grande. Supetament ollamos dúcias de baseamentos circulares, rectangulares, cadrados e ovalados dunha anterga poboación ¿celta? ¿romana? Pequenas canles cruzan en diferentes direccións. Os fundamentos das construcións, na maior parte, están separados (os nosos devanceiros non admitían medianeiras, seica. A individualidade do noso pobo vén de lonxe...). Nalgunhas construcións adivíñase que tiñan a modo de solainas; noutras longos bancos de pedra arimados á parede. ¿Sería a mansión do xefe do clan aquela que ten unha entrada a modo de vestíbulo?

Rubimos ó cimo e dende alí ollamos a panorámica da gigantesca cunca, conxunto arqueolóxico agarimado pola coroa, adarveou rodela que a define de ventos e chuvias. A muralla de defensa que cingue o poblado en ruínas consérvase íntegra coa pequena excepción da entrada actual e unha estreita abertura que dá orixe a un carreiro, en rápido

descenso, choído por toxos e matorreiras, que nos tempos antergos, quizais fora acceso do castro inaccesible para os inimigos.

Pero, se abranguer cunha ollada o extenso recinto de excavacións arqueolóxicas é emocionante, mirar ó exterior non o é menos. Dous profundos fosos e outras tantas defensas case completas rodean o monte, como truncado case perfecto. Dende o cume, atalaia do vetusto e arcaico castelo, óllanse tódolos horizontes. Nas noites de plenilunio, coido eu, os aturulos dos rexos mozos celtas debalaban dende o torreón ata os oídos das mozas namoradas dos castros veciños de Duarría e Buriz, namentres os maiores asaban un año, cocían pan de landras ou facían cervexa.

Estamos dianet dunha xoia arqueolóxica que pode competir co monte de Santa Tecla. Viladonga, coa necesaria promoción, pódese converter nun centro de peregrinaxe cultural.

13.

Oseira

(de Viaxes con Anxel Fole)

Na carretera de Cea viramos cara Oseira. Outros nove kilómetros e, na revolta dun monte, ficamos abraiados: diante dos nosos ollos apareceu a cativa veiga e o grandioso mosteiro cuberto de ouricelos dourados, bañado por un sol coruscante baixo un ceo inmaculado azul infindo. A estreita estrada, rodeando as hortas da enorme fábrica do cenobio, deixounos na porta do murallón que pecha o adro monacal, enseñoado, no ángulo nacente-sur, pola pureza barroca da suntuosa igrexa, e pola fachada churrigueresca conventual, con catro cobregantes columnas salomónicas e con relevos frontais, perpetuadores de feitos gloriosos da orde do Císter. ¡Como domeaban a pedra os nosos canteiros para convertila en estatuas, bustos de abades, froitos celmosos ou no antigo poboador daquelas fragas, o oso que dá nome ó lugar!

Durante a longa caminhada polas estancias do monumento nacional de xigantescas dimensións, o pai Xoán foi o cicerone culto na exposición histórica. Dúas horas acuguladas de expresións admirativas, escoltando ó fillo de San Benito, decorreron amenizadas con chistes e anécdotas de fino humor. O pai Xoán falaba un galego con folgos de canteiro, ledicias de novo viño do Ribeiro e farturas de abastados xantares na festa do Patrón.

Expresábase nunha lingua franca, chea, que escorregaba por bóvedas planas, oxivais, estreladas e de cañón. As súas palabras resoaban na igrexa románica-oxival consagrada no ano 1239, na «escalinata dos bispos» e nos claustros severos, como un ecoar das grandezas de Xelmírez e de Alfonso VII.

O convento de Oseira, nestes últimos cincuenta anos reverdeceu —oxalá sexa un anuncio do rexurdir galego— gracias a unha presa de homes comprometidos nunha dura tarefa. A restauración foi ben lograda: a hospedería, a biblioteca, o solarium, a sacristía...; pero o noso maior aglaio foi cando entramos na solemne sala capitular —oase africano, diría eu— con catro palmeiras graníticas, de toro retorcido e vizosas polas triunfais, unha xoia gótica da arte do noso pobo, noutrora exuberante, presente aínda nos vellos mosteiros da nosa Terra.

14.

San Paio de Narla

(de Viaxes con Anxel Fole)

Un proxecto de moitos anos trocouse en atinada realidade. A Torre-Pazo de San Paio de Narla (Friol), que visitara noutras ocasións con mágoa ó ver que se atopaba en total desleixo, hoxe é un exemplo do que se debe facer cos herdos históricos dos nosos devanceiros que aínda perduran na xeografía da nosa Terra, a maioría semiesborrallados, como testemuñas do que foi o noso pobo e do seu poder creativo e arquitectónico.

A fortaleza, propiedade da Deputación de Lugo, é unha prolongación do Museo Provincial. As súas dependencias acollen a Sección Etnográfica cunha importante mostra de ferramentas agrícolas, apeiros artesanais e utensilios labregos ademais de mobiliario, armas e outras pertencias da Torre-Pazo. A dous kilómetros da vila de Friol, na parroquia de Xiá, érguese nun pequeno outeiro ou castro e, dende a almenada torre de homenaxe, o espectador pode gozar dunha paisaxe das máis fermosas de Galicia.

Construída sobre pena, a granítica edificación de catro plantas ten un acolledor patio interior — tal mini claustro conventual— artísticas chimeneas, parladoiros, un sótano-cadea, unha venta plateresca, pedras cos blasóns dos Ulloas e os Seixas e, fóra, ó seu carón, unha pequena capela.

No século XIV chamábase A Rocha de Narrela e, tras pertencer no século XV a Gonzalo Ozores de Ulloa, que o cedeu ó bispo de Lugo, foi esborrallada polos irmandiños e reedificada en tempos de Vasco das Seixas.

Segundo a lenda Berta, filla dun señor do pazo, namorouse dun rapaz aldeán e, para fuxir das iras do pai, os coitados refuxiáronse nunha cova onde se entobaba unha serpe. O noivo deu morte ó reptil pero tamén el morreu envenenado polo ofidio. Dende aquel feito, o lugar chámase Monte da Cova da Serpe. Outra lenda, afirma que Vasco das Seixas, ciuoso da súa dona Catalina, asasinouna e disimuloulle as coiteladas con estopa. Descuberto o crime, desenterraron o cadáver que se mantiña incorrupto e das feridas da fiel esposa agurgullou o sangue como proba da súa inocencia.

15.

Monte Medulio

(de Viaxes con Anxel Fole)

Don Manuel Amor Meilán concordaba co historiador Ferreras ó afirmar que, entre os montes do concello de Castro de Rei, atópase o famoso Medulio «baluarte derradeiro da independencia rexional contra a dominación romana, onde os amigos moradores emularon as glorias de Numancia e Sagunto preferindo, os que se salvaron do ferro e do lume, morrer envenenados coa raíz do teixo».

Os historiadores da romanización de Galicia, todos eles coincidentes en que no Monte Medulio findou a resistencia dos galegos no ano 26 antes de Cristo, discrepan só do lugar exacto do devandito monte. É de moito interese a teoría do alemán Adolfo Schulten que, no seu libro «Los Cántabros y astures en su guerra con Roma», sitúa o «Medullium» no monte Aloia; pero outros sitúano no Medelo, en Cabeza de Meda e, os máis, no Bierzo. Alfredo López está a investiga-la súa posible ubicación en Póboa de Brollón e o amigo Xosé Manuel Carballo di que o monte da Escrita puido se-lo enigmático lugar da decisiva batalla.

Indómitos guerreiros bárbaros

Lucio Anneo Floro, quizáis bebendo nas fontes de Tito Livio, legounos importantes datos pero incompletos: que o monte Medulio estaba rodeado dun foso de quince millas sen interrupción, que era vixiado constantemente pola presenza dos soldados romanos e que os «indómitos guerreiros bárbaros» para liberarse da servidume que consideraban peor cá morte, suicidáronse co veneno extraído dunhas árbores chamadas teixos.

Pero o historiador Paulo Orosio engade outros detalles de valía. No «Historiarum adversum paganos libri septem», escribe que Antistio e Firmio, legados de Augusto, rodearon o monte Medulio, que se atopa preto do río Miño —«Medullium monten Minio Flumini inminentem, in ultiores Gallaeciae partes»— onde se fortificaron os galegos «feroces e rudos por natureza» ó se decataren da imposibilidade de soste-la loita en campo

aberto e que, incapaces de resisti-lo asedio, preferiron morrer envenenados antes que ser escravos.

Tamén Casimiro Torres en «La Galicia Romana» nos di que o Miño tinguiuse co sangue do pobo galego e afirma: «O monte Medulio representa o cume do heroísmo dunha raza en defensa da súa independencia e liberdade». O Monte Medulio segue sendo un ENIGMA DA ROMANIZACION de Galicia.

16.

Antas de Ulla

(de Viaxes con Anxel Fole)

Os Noguerol son cabaleiros orixinarios de Antas. No reinado de Enrique II, no século XIV, tiveron encomendas nas órdenes de Calatrava e de Santiago ou destacaron nas loitas contra os mouros e nas guerras de Flandes, como Ruy Fernández Noguerol, un dos reconquistadores de Granada, ou don Lope Sánchez de Ulloa e Lemos, Procurador Xeral das armadas do Emperador Carlos V, e don Juan de Lemos, primeiro conde de Amarante.

Daquela grandeza feudal permaneceu ergueita, en lamentable estado ruinoso, a torre de San Pedro Félix de Amarante. É incompreensible que unha fortaleza granítica con tanta historia e cun torreón, único se atendemos as súas proporcións, se atope en total abandono.

Pazo de Santa Marina

Aproveitándonos da amabilidade e dos coñecementos de don Licerio, visitamos, tamén, o pazo de Santa Mariña, de principios do século XII, solar de Gómez Vázquez de Villasante. Os seus herdeiros emparentaron cos Taboada, os Rivadeneira, os Ulloa, os Noguerol e, segundo lemos en «Fortalezas de Lugo», o nove de outubro de 1684 pasou a ser propiedade de don Pedro Tomás Ojea e Ulloa, primeiro Conde de Torre-Penela «que estaba obrigado a ocupa-lo pazo de Santa Mariña, polo menos seis meses cada ano, a non ser que estivese ocupado polo servizo ó Rei, ou por negocios de Facenda que precisaran da súa asistencia».

Hoxe, o pazo pertence a dúas familias: ós herdeiros de Cesáreo Bermejo e ós de don Xesús España Rivas. Unha vez máis atopámonos diante dunha señorial mansión dos nosos antergos aldraxada. Á solaina, por exemplo, adosáronlle un casoupo e a capela serve de almacén de patacas. Inda que só fora pola monumental balconada e pola maravillosa panorámica que ofrece, o pazo de Santa Mariña debería ser tratado como unha xoia.

Co amigo Licerio falamos longamente do incompreensible descoñecemento que demostran ter de tan interesantes obras da arquitectura rural as autoridades responsables, incapaces de recuperar monumentos que están a se esborrallar e que, convertidos en Casas do Pobo, Grupos Escolares, Hoteis, Museos, etcétera, serían orgullo do concello, un atractivo turístico e unha demostración de que Galicia é un país diferenciado, enraizado nas propias tradicións. Se non existe apego ó pasado ¿como pode haber concienciación autonómica?

Moi preto do pazo atópase a igrexa parroquial cos sepulcros dos primeiros condes de Torre-Penela e un monumental Vía-Crucis de cantería tamén —non podía ser menos— condenado a desaparecer.

17.

Santa Eulalia de Bóveda

(de Viaxes con Anxel Fole)

No punto kilométrico nove da carretera Lugo-Friol, torcemos á esquerda e, polo alto de San Xoán e San Vicente do Burgo, chegamos a Santa Eulalia de Bóveda para visita-lo monumento histórico-artístico nacional descuberto no 1926.

Hai anos, visitara cun amigo catalán o enigmático conxunto arqueolóxico —¿termas romanas? ¿templo pagano? ¿lugar de enterramento de Prisciliano, segundo hipótese de Fernández de la Vega?— e confeso que ficamos varados diante do abandono de tan importante legado do século IV ou quizabes do III, único en Occidente do que soamente existen algúns semellantes na Europa suroriental.

Lembro que o veciño, encargado polo Ministerio da súa vixilancia e coidado, nos dixera: «Era eu un cativo cando se descubriu e a malafada fixo que hoxe se atope en peores condicións de conservación có día do seu achádego. Malas orientacións excavadoras afectaron a súa estrutura e, ó seren desviáda-las augas que embocaban na piscina da nave central, houbo filtracións e a humidade estropeou as pinturas de motivacións florais, faisanes, uvas, perdices e as decoracións xeométricas que decoran o interior.

É mester un estudio arqueolóxico axeitado

De novo en Santa Eulalia de Bóveda, sorprendémonos ó contempla-la inaxeitada restauración que se iniciou sen previos estudos históricos interpretativos do monumento, sen empregar técnicas apropiadas para a recuperación das pinturas, cada vez máis apoderadas polo mofo, e sen descifra-lo significado dos relevés —outra singularidade moi importante— con figuras de aves, danzantes e eivados, que Ares Vázquez e Chamoso Lamas relacionan coa virtude curativa atribuída ás augas.

Téñense dado moitas interpretacións do conxunto por diferentes autores que, segundo Felipe Arias, coinciden case sempre na idea de atribuírle un carácter pagan, que máis tarde foi cristianizado. E engade: «No futuro é mester contar con novos datos (sen desbotar os documentais) para elaborar un estudio arqueolóxico e histórico que Santa Eulalia de Bóveda necesita e, deica hoxe, non se fixo, en parte, polas deficiencias observadas no seu descubrimento e posterior conservación».

18.

O Conde Santo

(de Viaxes con Anxel Fole)

A visita á igrexa do milenario cenobio beneditino de Vilanova de Lourenzá, reconstruído nos séculos XVII e XVIII, hai poucos anos Seminario Menor e, hoxe, habilitado para Concello, Xuzgado e Museo, é de grande interese polas artísticas obras que garda: unha ara do século IX; unha arqueta mudéjar e unha lauda do XII; báculos do XVI; caixoneiras, custodias, tallas e cruz procesional do XVII; un atril e mitras do XVIII e un sarcófago —xoia do paleocristiano do século V— cos restos do Conde Santo que se venera na capela de Valdeflores. Dito sarcófago abriuse no ano 1968 e nel encontrouse unha caixa de madeira de sándalo cos restos do conde Osorio Gutiérrez, primo de San Rosendo, e do seu filio. Tamén había un pergamiño coa acta notarial doutra apertura feita no 1540. O sarcófago ten un burato no fondo a través do cal os fieis tocan con fervor relixioso a caixa que contén os restos do Santo.

Arquitectonicamente son de gran valor a capela da Virxe Valvanera, a cúpula sobre catro esbeltas columnas redondas, a fachada, obra de Casas, e o retábulo barroco, ó natural, do século XVII, de Xosé Castro, de Mondoñedo.

Cando deixámo-la vizosa veiga lourenzá, don Ánxel, tan entendido el en xenealoxías, afirma: «case a terceira parte das familias galegas son de orixe nobre». E fálanos do coto de Cañedo, cun muro de once kilómetros, donado polos Reis Católicos á familia Rivadeneyra, herdado, en parte, por un antepasado seu.

Torcemos cara Foz, seguimos pola carretera de Ferreira de Valadouro e paramos en Vilaronte para xantar e escoitar, durante a sobremesa, ó mestre de quen sempre aprendemos algo novo. A etimoloxía é o tema que non pode faltar: «Hai étimos —asegura— que nin en soños sabería valorar. Pero tamén se len as perogrulladas máis grandes, como que «Quiroga» proven do vocábulo grego "kiros"».

A recentemente aprobada normativa do idioma galego é actualidade. Pídolle a súa opinión e, como bo galego, resposta indirectamente: «O primeiro que hai que saber —dime— é que os idiomas apréndense trabucándose, non de outra maneira». E unha vez máis puntualiza: «Os matices léxicos, en galego, son infinitos e a mellor forma de aprendelo é estudiándoos». O Andrade e máis eu ficamos sorprendidos cando afirmou, con razón: «O

estudio do galego é eficazísimo para saber ben o castelán porque ten moitas formas arcaicas das que partiu o castelán. Paradoxicamente —engadiu— pódese dicir ¿como imos saber ben o castelán sen sabe-lo galego?» En canto ó emprego da lingua propia de Galicia, suliñou: «Eu dígolles a vostedes que se a xente empezara a falar en bo galego, se houbera revistas e publicacións en galego ¿verdade? ó cabo duns anos, sen saber cómo nin cómo non, sen saber cando, cambeaba Galicia radicalmente para ben, non para mal».

19.

San Gonzalo e os normandos

(de Viaxes con Anxel Fole)

Pola ribeira do río Contiño chegamos á antiga catedral de San Martiño de Mondoñedo, monumento nacional do século XI, reforzado por grosos contrafortes a mediados do século pasado. O templo rematouse no século XI; pero hai serios indicios de que foi construído no solar doutro anterior do século VI. O párroco Xosé María Pérez con dedicación plena e baixo a supervisión do profesor Chamoso, traballou moitos anos na súa restauración. A pedra foi picada e tratada cun preparado inxectable para protexela da humidade, da erosión e demais corrosivos».

Contemplámo-los requintados capiteis: «A cea do rico Epulón» e «O can lambendo as chagas de Xob»; «Adán e Eva no paraíso»; «A Fuxida de Exipto»; «A Decapitación do Bautista»... As pinturas do XIV, unha ara de pronunciados relevos, do século IX; a xoia románica do Santo Cristo; a Virxe da Piedade e o sarcófago de San Gonzalo, con vetustas ferraxes, son outros tantos motivos de admiración.

Nel consérvase o Corpo Santo. Hai doce anos, ante notario e as autoridades eclesiásticas, abriuse o rústico mausoleo e todos puideron dar fe da existencia do esqueleto de San Gonzalo. Soamente lle falta o maxilar inferior e unha costela que, segundo consta no arquivo parroquial, fóronlle amputados no século XVII e donáronse como reliquias».

Segundo a tradición as naves normandas afondaron debido ós rezos de San Gonzalo. Outro milagre aconteceu no século XVII dando pé a que o bispo Arévalo rectificase a orde de suprimi-lo culto ó Santo.

«Nunha das súas visitas Arévalo dudou da autenticidade do Corpo Santo e seguiu viaxe cara Viveiro; pero en chegando ó lugar onde se atopa hoxe a ermida de San Gonzalo, a besta negouse a seguir e, decatándose de que era un aviso do ceo, arrepentido da súa pouca fe, instituíu o Voto ó Santo e a Procesión Penitencial, que se celebra tódolos anos levando a sagrada imaxe en andias dende San Martiño ata o lugar onde fixo os rezos causantes de que afondaran as naves invasoras».

20.

Masid e Ferreira de Pantón

(de Viaxes con Anxel Fole)

Trocamos as verdecentes veigas de Chantada polas pechadas curvas en descenso rápido na procura do Miño. As viñas empoléiranse costaneiras anunciando a regalía dunha vendima farturenta. Deixámo-lo embalse de Belesar, cheo a reverter e, pola ponte decimonónica, entramos en terras do Saviñao. En Pesqueiras soamente nos detemos un anaco para visitar ós meus parentes da casa do Raleiro e tomar un «chanqueiro» de viño da Pena de Aviado. Podíamos demorarnos para visitar San Esteban de Ribas de Miño e Diamondi, alfaias da época monástica, pero o noso propósito era coñecer Ferreira de Pantón.

En Escairón viramos cara Lama Quebrada —no pazo do señor de Forcados aínda puidemos ver dous carromatos no ruinoso tendal —e por Eiré, outra mostra documental de tempos recuados, chegamos a Ferreira.

Na veiga de Pantón atópase o castelo de Masid, a fortaleza mellor conservada da provincia. Hoxe é propiedade de don Gregorio Arias, que ostenta o marquesado de Casa Pardiñas. Os señores Arias reconstruíron con agarimo o castelo, que garda obras de gran valía. A torre da homenaxe é cadrada; as almenas, voladizas, e na fachada presenta unha artística ventá do Renacemento.

A orixe da linaxe do castelo arrinca dos López de Lemos e na súa xenealoxía atópanse persoeiros relevantes.

Fernán López de Lemos foi quen rescatou as doce doncelas que se lle entregaran como tributo ó Califa de Córdoba; Alonso López de Lemos loitou na batalla de Clavijo; don Diego, na de Navas de Tolosa; don Lope serviu a Alfonso IX e Fernando III O Santo, casado con dona María Teresa Fernández de Témez, devanceira do Gran Capitán; don Alfonso López de Lemos venceu na Pedrosa ós Irmandiños ergueitos contra das inxusticias feudais. No s. XV o castelo dependeu do señorío de Sober e, posteriormente, foi dos condes de Amarante. Os marqueses de Casa Pardiñas, dende hai máis de cen anos, habitan e atenden a fortaleza. É de admira-lo parque, de mesta arboreda, surcado por un regato cantareiro. A praza de armas prestalle enxebreza e a bandeira galega, ondeando no cimo do torreón, semella agoirar un porvir ventureiro para o rexurdir de Galicia.

Real Mosteiro de Ferreira de Pantón

Moi preto de Masid, na carretera de Monforte, atópase o Real Mosteiro de Bernardas Cistercienses, fundado no século XII por dona Froila López de Lemos.

A igrexa románica, unha das mellores da comarca, garda as cinzas de don Diego e don Lope de Lemos. Os sepulcros, coas esculturas funerarias dos guerreiros medievais, son de gran interese artístico.

A fachada do convento é do século XVIII e, á man dereita, a xeito de pazo, érguese a casa do capelán, párroco de Pantón, que atende as funcións relixiosas do mosteiro.

Hoxe en día hai dezasete monxas de clausura e dúas «hermanas». Ás seis da mañá érguense para facer os primeiros rezos. Só por cousa grave de enfermidade, saen do convento para acudir ó médico, en Ourense.

O primordial das monxas bernardas é a oración; pero tamén fan doces de améndoas e zurcidos moi estimados. Ademais, teñen unha horta amurallada de vinte ferrados de terra, e cinco vacas. Recentemente a Dirección Xeral de Belas Artes concedeu oito millóns para a reconstrucción da Hospedería.

Chama a curiosidade observar que a ala esquerda do convento ten varias chimeneas. Débese a que antigamente había persoeiros que renunciaban á vida secular e ingresaban no mosteiro para adicárense á vida contemplativa. Cadaquén tiña a súa celda privada e vivía independente.

21.

Poboa de Trives

(de Viaxes con Anxel Fole)

Por Sarria, Rubián, Póboa de Brollón e a Ribeira do Lor, cruzando por numerosas pontes, chegamos ás veigas de San Clodio e Quiroga, bañadas polo Sil. Recorrémo-lo viaducto de Sequeiros, a carón de vedraias oliveiras, moi preto do túnel romano de Montefurado e, pola ponte de San Martín, entramos nas gasalleiras terras ourensás de A Rúa e de Petín, de sabedeiros viños tintos que acompañan ó viaxeiro por Freixido de Abaixo e polas curvas do Larouco mesmo ata A Ermida, a 560 m. de altura.

Remontando a serra, durante un longo treito, os recantos de engado trócanse en terras aldraxadas de montes ardidos e erosionados, que deixaron ó descuberto anguriadas masas de laxes. As viñas, en sucalcos, a maior parte a monte, cheas de arbustos e con escasas cepas, magoan o corazón. ¡Cantísimo traballo e sudas dos nosos ancestros que, dende as lombas dos montes ata o leito do río Bibej, ergueron bodegas e construíron kilómetros de muras para protexeren as vides en miúdos bancais! ¡Con que adicamento e sacrificio coidaban as vellas cepeiras e labouraban a terra, hoxe inzada de carqueixas, fentos e toxos...!

Póboa de Trives, vila turística

A unha légoa de Póboa de Trives —Tría Viae— xorden de novo viñas e leiras cultivadas con agarimo a carón de castiñeiros centenarios. En chegando á vila, moi preto dunha piscina reglamentaria para divertimento estival do pobo, un croquis indícano-los lugares turísticos da comarca. A carretera colle o nome de «Marqués de Trives» e convírtese nunha alameda espaciosa con abundancia de negrillos, chopos, salgueiros, abetos, acacias e roseiras. As casas son de pedra, con galerías acristaladas e vistosas fachadas floreadas.

Visitámo-lo Axuntamento, construción ó estilo de pazo decimonónico; a moderna igrexa de campanario desproporcionado; o colexio de Santa Leonor, legado por don Eumenio Ancochea Boscosi ós trivenses; a señorial casa dos Figueiras e a do Marqués, con interesante escudo, rodeada de muralla almenada e con miúdas garitas ornamentais, lugar de residencia estival da marquesa e do marqués consorte, o ilustre escritor don Evaristo Correa Calderón.

Póboa de Trives, lugar frío e con grandes toradas de neve durante o inverno, é vila acolledora de numerosos turistas que se dirixen á estación invernal de Manzaneda; pero no verán é un fervedoiro de xentes que disfrutan do clima seco de montaña nas rúas alegres e nas pequenas prazas con fontes barrocas e gran variedade floral.

22.

Montederramo

(de Viaxes con Anxel Fole)

Desandámo-la estrada turística e, por Os Chaos, baixamos a Chandrexa —topónimo de Chan da Igrexa— e a dor embárganos en vendo as ribeiras, ó descuberto por mor da seca, estragadas polo encoro. Ós poucos kilómetros, chegamos a Montederramo, o mosteiro cisterciense construído no século XII por Pelaxio, abade chegado de Claraal. As súas orixes remóntanse ó século X, segundo os historiadores que nos falan do antigo cenobio de Seoane Vello.

En CRÓNICA Y GUÍA DEL MONASTERIO DE MONTEDEERRAMO, Alfredo Cid escribe que Alfonso VII implantou a reforma cisterciense neste lugar, favorecéndoo con donacións de lugares, cotos e mosteiros anexos. Na Idade Media a abadía seguiu gozando de moitos privilexios e foros de reis casteláns e portugueses e tamén de concesións de Bulas pontificias, o que motivou a súa gran expansión, convertíndose nun mosteiro suntuoso que chegou a ser Casa Central de Estudio da Orden Cisterciense e Colexio de Artes e Filosofía da Congregación (creado no 1582) con dependencia directa da Abadía Bernarda.

Un logro da arte herreriana

No mosteiro, habitado por familias do pobo e polo párroco, visitámo-lo museo que garda o retábulo do altar maior con piadosas escenas da vida de Xesús e da Coronación de María, do celebrado mestre do barroco galego, Mateo de Prado. Recorrémo-lo claustro da Hospedería, unha das grandes obras do Renacimiento Español, con arcos de medio punto sobre columnas cilíndricas, medallóns en altorrelevo de santos e reis, escudos monacais grotescos e florais. Por un artístico paso, entramos no claustro Procesional, onde contemplámo-los detalles decorativos da bóveda. Logo visitámo-la Sala Capitular, a Sacristía, a espaciosa igrexa proxectada polo xesuíta Juan de Tolosa, que traballara ás ordes de Juan de Herrera no Escorial. Construída polos irmáns Pedro e Juan de la Sierra, a grandiosidade das tres naves, a cúpula, as cinco capelas absidais, os retábulos e a suntuosidade da capela maior, fan que sexa un dos máis logrados prototipos da arte herreriana de finais de século XVI.

23.

O Caurel

(de Viaxes con Anxel Fole)

Había anos que tiña na idea cruza-la serra do Caurel. Este verán, dende O Cebreiro, tras un voluntario rodeo para coñecer Rubiais, unha das mellores explotacións mineiras de Europa, con case 600 postos de traballo, puidemos levar a cabo o anxeio gracias á construción dunha nova pista de terra e coios, que arrinca da carretera Pedrafita-Sarria, en Pacios.

No Caurel atópase un dos boscos meirandes de Galicia, preto de Parada, terra do poeta Uxío Novoneyra. É a devesa de Rogueira, unha selva mesta de trinta kilómetros cadrados, abundosa en castiros, fallas, carballos, toda clase de vexetación e augas minerais. No Caurel, hai anos, non era difícil atoparse con rebecos e porcos bravos que se criaban no monte.

Os camiños son mouros debido á gran cantidade de pizarra. O Caurel ten ríos troiteiros, coma o Lor e o Parada. Na longa invernia o Pía Paxaro e o Alto do Boi sempre están cubertos pola neve e no cimo da Pena Lubiceira os lobos axexan os fatos de ovellas. Pero no verán, ás horas de mediodía, nas altas Serras fai máis calor ca en ningures.

Seoane é unha regalía turística. No fondo dun souto de castiñeiros centenarios, agachado na maxestuosa cadea de montes que deseñan do Cebreiro.

Alí ten o comenzo a estreita carretera asfaltada que máis tarde encollería o noso corazón por mor do vértigo, camiño de Folgoso ata mesmo chegar ó val de Quiroga.

Circular polas carreteras de O Caurel é espantoso. Dende Seoane, camiño de Folgoso, ata chegar preto de A Veiguiña, máis de vinte kilómetros á beira de precipicios horrendos, encolle o corazón. No Alto do Boi (1.072 m.) é obrigado un descanso para contempla-la magnífica panorámica de montes encadeados. Folgoso, ó lonxe, semella unha

caprichosa morea de casiñas a punto de arrebolarse monte abaixo para refrescarse no río. É imprescindible, si, o descanso á sombra do pinar para refacerse do arrepío que preme o peito tras tantos kilómetros de circular suicida pola estreita carretera, pendurada no abismo. O Caurel é unha terra enormemente abrupta, brava e solemne ó mesmo tempo.

Eu cavilo nos meses de inverno, nas xeadas, nas baixas temperaturas, nas longas noites de contos e «vasos» arredor do lume, namentres estoupan as castañas no borrar das antergas lareiras. Penso na marxinación secular de O Caurel e lembro as verbas dun esperanzado amigo e, coma el, desexo que o esquecemento secular se troque axiña nun feito anecdótico pasado.

24. Teixido

(de Viaxes con Anxel Fole)

Este ano, unha vez máis, tiven a dita de me poder desprazar a Lugo durante as vacacións e a sorte de facer varias excursións co mestre e amigo Ánxel Fole, patriarca das Letras Galegas, como ben dixo o Xulio Xiz nun programa radiado para toda Galicia, no que participamos co gran narrador da montaña luguesa. Xuntos, temos viaxado por moitas comarcas de Lugo e o noso anxeio é seguir percorrendo a sorprendente xeografía da nosa Terra, tan rica en monumentos legados polos devanceiros. Este ano don Ánxel, que derradeiramente refugou varias invitacións por coidar que eran desprazamentos longos demais, manifestoume o seu interese por coñecer San Andrés de Teixido. O meu aglaio foi dobre: que se sentira con azos para tanta viaxe e descubrir que o ilustre académico aínda non tiña peregrinado ó extremo lugar agreste e embebedor axeitado para cánticos druídicos... E, loxicamente, a primeira excursión foi ó santuario do Apóstol Andrés. Pero escoitémonos as razóns que animaron a don Ánxel a face-la longa viaxe á costa atlántica de A Coruña irmá:

Tiño desexos de acudir a San Andrés de Teixido. Segundo a lenda, a San Andrés de Teixido vai de morto o que non foi de vivo» e a crencia popular afirma que as almas dos que non peregrinaron a Teixido en vida irán, de mortos, en forma de lagarto. E polo si ou polo non, decidímonos a facer esta excursión».

Sáímos de Lugo de mañá cedo, facendo o primeiro «alto» da nosa peregrinaxe na fermosa vila de As Pontes que, nos últimos anos, perdeu a súa bucólica beleza ó se converter nun xigantesco complexo de produción de enerxía. As cintas transportadoras de lignito arrincado a flor da terra por enormes excavadoras, os fornos e a contaminante chimenea que se ergue ata perderse na néboa, estragaron a paisaxe ancestral.

Por Somoza e A Barqueira, seguindo a estreita carretera comarcal, remontámo-la Serra Faladoira e, logo, baixamos cara Cedeira, porto mariñeiro e turístico de modernas

construcións á beira dun amplo e ben coidado paseo-mirador que discorre ó longo da ría. Lugar acolledor, abofé, para un breve descanso porque, ó subi-la Serra Capelada —orgullo dos cedeirenses, sabedores das riquezas xeolóxicas que encerra e da súa abondosa flora e fauna— é mester moito tento por mor dos cabalos, en liberdade, e pola mesta néboa que cega a visibilidade.

Tras un descenso rápido ata unha miúda chaira-aparcamento, a modo de balconada con vista a un mar borrallento e fungador, contemplámo-lo cativo monolito en lembranza do P. Sarmiento, romeiro ilustre do século XVIII, e baixamos ó pobo —dezanove casas e sesenta vecinos— que, dende tempo inmemorial, garda a reliquia do Santo na igrexa, reedificada no 1875 por frei Miguel López de la Peña, e restaurada no ano 1968 polo capelán don Julio Ladra.

Mesturados entre devotos e turistas, tamén nós mercamos amuletos —a cruz, a barca, a paloma e o corazón— bebemos na fonte do Santo e recollémo-la herba que seica ten o feitizo de namorar... A tradición popular non esmorece. Milleiros de romeiros acuden cada ano ó lugar sagrado. Puiden comproba-lo e celebrei ollar que xa existe unha incipiente promoción turística que beneficia ó pobo. A carretera trouxo o progreso a este recanto de paz que, hai dez anos, semellaba o cabo do mundo.

25.

Pombeiro

(de Viaxes con Anxel Fole)

Dende os Peares, pola estreita carretera empoleirada sobre a vía férrea, rodamos a modo cara o vello cenobio de Pombeiro, entre penas enormes traballadas pola erosión, pequenas fragas, viñas en sucusco, productoras dos célebres «San Mamede» e «A Cabreira», miúdas veigas ricaces coma as de Amandi e Ribas de Sil...

«A «Ribeira Sagrada», na alta Idade Media estivo inzada de eremitorios coma os de San Cosme da Fraga e San Xoan de Cachón, que conserva unha inscrición do século X na que se alude ó abade Franquila, que máis tarde gobernou o mosteiro de San Esteban e o de Celanova; os de San Pedro, de San Bartolomeu e de San Xoan Degolado, que algúns coidan orixinario do mosteiro de Pombeiro. Neste eremitorio consérvanse dous sartegos antropoides excavados na pena granítica e unha pedra coa inscrición «Ora Frater Áster Alfape», que moitos eren referida ó abade Asterigo, herdeiro dos bens da raiña Gotona, viúva de Sancho Ordóñez. Tamén se conservan restos doutros moitos eremitorios, coma o de San Miguel de Canal, que logo foron absorbidos polos cenobios de Pombeiro e de San Esteban».

San Vicente de Pombeiro

E coñecida a importancia artística e monumental de Pombeiro. A igrexa basilical ten tres naves cos respectivos ábsides do máis puro románico, unha torre redonda medieval e portadas harmónicas que datan do século XII ou da primeira metade do XIII. Con respecto pola obra dos nosos devanceiros, construída baixo modelos borgoñeses escolmados por Cluny para os seus mosteiros, admirámo-los capiteis de vexetais, de animais fantásticos e de cabezas humanas. É de salientar tantos motivos escultóricos finamente trazados; arcos de varia decoración, rosetas, axedrezados, figuras xeométricas, saeteiras, o retábulo maior barroco coa escultura de San Vicente e as ben logradas tallas de Santa Apolonia, San Sebastián, San Roque e San Xoán Bautista de rica policromía. Outros catro retábulos —o máis antergo de fins do século XVI— resaltan pola boa conservación e pola variedade ornamental, con escenas da vida de San Bernardo e imaxes dos santos padres da Igrexa. Entre as xoias de orfebrería destaca un incensario gótico de prata e unha interesante cruz procesional.

A casa rectoral, de tres plantas, ten a nobreza dos grandes pazos galegos do século XVIII. As súas dependencias son amplas e as portas, os armarios e as fiestras están traballadas con fino gusto popular.

26.

Ancares

(de Viaxes con Anxel Fole)

De mañá cedo saímos cara Cervantes, extenso concello que abrangue as vellas xurisdiccións de Cancelada de Arriba e Cancelada de Abaixo.

En San Román, capital do Concello e «pórtico dos Ancares», como anuncian os indicadores, ofréceno-la súa hospitalidade o amigo Manuel Belón. «San Román ten 200 habitantes. Transformouse moito últimamente. Era un pobo aillado, pero hoxe está ben comunicado, ten alcantarillado, cuarteis da Garda Civil, médico e tódolos servizos indispensables nunha vila moderna, incluso un hostel con sete habitacións dobres».

Dende San Román (640 m. de altura) a exuberante veiga de Liber é dunha beleza sorprendente e, ó lonxe, óllase Becerreá, capital do partido xudicial, centro comercial e de comunicacións que progresa e modernízase sen acougo. A vista aérea dendo o hostel é inesquecible e a conversa cos amigos durante o xantar, amena e interesante.

Rematado o xantar, encetámo-lo costaneiro, pero doado ascenso cara Os Ancares, «parque natural de Galicia», á beira de pendentes quebradas inzadas de uces e toxos e, por veces, entre enormes masas de carballos cativos, contemplando as diseminadas aldeas de montaña. Chegamos a Degrada e, sen nos demorar, recorrémo-los 17 kilómetros que nos separan de Piornedo, por boscos de carballos, castiñeiros, avelaneiras e pequenas cascadas de augas ruxidoras que descen do monte e invaden a carretera. Rodeámo-la veiga profunda

por A Campa de Barreiro e, por Donís, subimos dous kilómetros de impresionante costa ata chegar á aldea prerrománica, onde os arqueólogos afirman que se atopa unha das orixes do hábitat de Galicia.

Diante dunha palloza, co vistoso alcapudre de baias rubias non comestibles en segundo termo e coa imponente grandeza da serra por fondo, a cámara recolle o documento gráfico da excursión.

Nestas pallozas circulares, a estrutura das cales é semellante ás das citanias antigas é de supoñer que a xente durmía en roda tocándose os pés e que no centro tiñan a lareira. As cortes eran pequenas porque daquela só había gando lanar.

Voltamos á Campa da Braña, que etimoloxicamente, segundo García de Diego, vén de «Campa Veránica», é dicir: «lugar de pastos de verano». Na bisbarra hai especies tan importantes como o urogalo, o rebeco, o corzo, o cervo e tamén alimarias como o lobo, o zorro, a garduña e algún que outro oso» «polo seu interese cinexético, a vertente luguesa foi declarada Reserva Nacional de Caza Maior».

27.

San Esteban de Ribas de Sil

(de Viaxes con Anxel Fole)

O pobo dos Peares está formado por O Torrón, que pertence ó axuntamento de Pantón; A Granxa, que naceu coa chegada do tren e depende de Carballedo; Casdavi de Arriba e Casdavi de Abaixo, onde se encontra a igrexa de Nosa Señora do Pilar dos Peares, do concello de A Peroxa, e O Mesón, dependente de Nogueira de Ramuín. Os catro núcleos deron orixe a Os Peares, fundido no pregamento xeolóxico formado polos montes de Bazal, A Picota, A Moura e Beacán. O problema administrativo deste pobo, onde se mesturan as augas do Miño, o Sil e o Búbal formando unha cruz perfecta, é grande porque repártense dúas provincias, tanto no civil coma no eclesiástico: Lugo e Ourense».

Baixo un sol esgotador para visitar San Esteban, subimos, pola estrada construída por «Saltos del Sil», a fraguenta costa chea de reviravoltas ata chegar á muralla, con garitas decimonónicas, que pecha o recinto e o souto do vello cenobio en ruínas.

A fachada da igrexa con capiteis en forma de pirámide, non é nada común en Galicia. Outra nota pouco frecuente é que a ábside central é máis baixa cas laterais.

O claustro das Procesións é do máis puro estilo renacentista. Tamén é moi interesante o claustro pequeno; pero o máis importante é o dos Bispos, románico de fins do século XII, con capiteis de motivos vexetais, bóveda nervada estrelada, gárgolas de animais fantásticos, pináculos, águilas, soportes típicos do gótico... San Esteban de Ribas de Sil é un florilexio de estilos: románico, gótico, isabelino, renacentista, barroco...»

Do gran mosteiro, practicamente só fican en pé a igrexa e as paredes exteriores. É doroso contemplar tanta arte estragada polos elementos atmosféricos.

Coa leducia de ter coñecido un gran mosteiro, deixamos San Esteban e, por Luíntra, nova capital do concello de Nogueira de Ramuín, onde se ergue o monumento ó afiador, do escultor Manuel Buciños, baixamos ós Peares por unha paisaxe de fantásticas panorámicas e lugares típicos como Penalva e a fonte do Corbal, de auga sabedeira e de vellas tradicións para seguir pola ribeira do Búbal e por Chantada ata a Cidade do Sacramento cavilando en artellar novas excursións.

28.

Mondoñedo

(de Viaxes con Anxel Fole)

A Cidade de San Rosendo, pequena e medieval, conserva a ideosincrasia propia e construcións monumentais que lle dan personalidade. Vila de rúas e prazas acolledoras, con igrexas e casas brasonadas, Mondoñedo é unha das máis fermosas cidades de Galicia.

Visitámo-la catedral, de estilo gótico cisterciense e fachada barroca, consagrada a mediados do século XIII polo bispo Martín; percorrémolo museo instalado na vella mansión dos prelados mindonienses, que garda valiosas pezas de arte sagra dos séculos XI e XII, pinturas flamencas donadas polo bispo Diego de Soto, e relevos ingleses de alabastro así como varias esculturas barrocas; facemos unhas fotografías na Fonte Vella, do século XVI e, extramuros da cidade, entramos no Santuario da Virxe dos Remedios, patrona do Concello, fundado polo bispo Benavides no 1558 e reconstruído polo bispo Sarmiento, inspirador das mellores obras barrocas da vella sé episcopal.

Pero Mondoñedo que, ademáis, é patria de grandes músicos, poetas e escritores como o mestre Pacheco, Pascual Veiga, Leiras Pulpeiro, Noriega Várela e Alvaro Cunqueiro, non vive soamente do recordo. Nos eidos culturais é de todos coñecida a centenaria «Sociedade de Obreros Católicos» e o Orfeón Mindoniense.

Mondoñedo, unha das sete capitais do antigo reino de Galicia, tamén é terra de lendas moi populares, como a do mariscal Pardo de Ceta e a do rei Cintolo.

Mondoñedo é unha vila moi atractiva que sempre tivo xentes interesantísimas: poetas, tipos pintorescos e ata cregos raros que botaban discursos en latín ó xeito de Cicerón. A xente recorda frases moi famosas, como a de Cándido Carreiras, destacado republicano do século pasado perseguido pola monarquía. Cando marchou desterrado a Ribadeo, ós amigos que acudiron para despedilo, díxolles: «á volta xa vos falarei dos Borbóns». Ó se proclama-la República volveu ó seu pobo e o primeiro que fixo foi visita-la sepultura do seu correligionario, o poeta Leiras Pulpeiro. Pousou un ramo de flores, axoenllouse, e facendo bucina coas mans berrou: «Leiras, Leiriñas, chegou a República».

29. Goián

(de Viaxes con Anxel Fole)

Goián, a nove kilómetros de Sarria, é un santuario famoso pola festa do Cristo, que se celebra o primeiro domingo de setembro. Diante do frontis da igrexa, con dúas portadas, nótase nideamente que o templo foi ampliado debido á gran afluencia de peregrinos. O retábulo maior, neoclásico, segundo «Inventario del Patrimonio Artístico de España», é do século XVII e a Virxe e o Neno da capela lateral, do XVI. Os datos máis antigos que se conservan no arquivo parroquial son de 1644, constando nun dos libros da Cofradía do Santo Cristo de Goián que Jerónimo López, vecino de San Pedro de Cerceda (O Corgo), construíu o retábulo maior e que o Cristo do Vía Crucis foi mercado en 1827 en 731 reais.

Milagres do Santo

¿Quen mellor có pobo para nos informar das tradicións e dos costumes propios? Falamos con dous petrucios do lugar que gozan recordando as festas do Cristo.

«Antigamente —dinnos— a xente viña a pé ata o santuario. Cando nos eramos novos, polo día do Santo, aquí non había onde durmir. Ciscábase palla nas cociñas, nos corredores e incluso nas cortes para o descanso dos romeiros que viñan de Lugo, Sarria, A Póboa de San Xillao, de Paradela e de Portomarín. Moitos, subían monte arriba descalzos».

O Santo Cristo é avogoso para todo. Un tal Farruco de Outeiro, de volta do veterinario cunha vaca que tiña unha mazá atragantada na gorxa sen remedio posible, en chegando á igrexa dixo: «Que o Santo Cristo de Goián me valia» e, no intre, a vaca tusiou con forza e golsou a mazá. Tamén contan que os franceses quixeron leva-lo Santo e, inda que gurraron ben cun ferro facendo palanca, non foron capaces de arrincalo».

A lámpada do cruceiro pois foi regalo de don Diego de Castro, que tiña a lepra e sanou por intercesión do Santo».

Os costumes, as tradicións e os xeitos de vida transfórmanse pouco a pouco, pero o espírito perdura e as renomeadas festas de Goián, con romeiros a pé ou en coche, con fervor relixioso ou simplemente con afáns turísticos, seguirán a se celebrar porque o home ten mester de compaxinar realidade con misterios, traballo con diversión.

30. Fontes Históricas de San Miguel de Paradela

(de Historia, xentes e contos de Paradela)

Unha das fontes manuscritas máis antigas referidas á parroquia de San Miguel de Paradela atopámola en RELACION DA VISITA PASTORAL REALIZADA POLO BISPO DE LUGO, DON LUCAS BUSTOS DE LA TORRE, EN TODALAS PARROQUIAS DA DIOCESE, no que se relata canto encontrou nelas, capelanías, cofradías, ornamentos, desperfectos e outros danos, que apreciou durante as visitas pastorais entre o mes de Outubro de 1700 e Xuño de 1703.

Outro libro de información, tamén manuscrito datado no 1755, é RAZON UNIVERSAL DE TODALAS PEZAS ECLESIASTICAS QUE HAI NESTA DIOCESE DE LUGO, que se realizou "para remitir a Su Majestad, sendo secretario de Cámara do ilustrísimo señor don Frei Francisco Izquierdo, bispo e señor desta cidade, don Antonio Cosentino de Texada". Dito secretario ocupaba un cargo equivalente ó do actual secretario do bispado, don Amador López Valcárcel, quen nos facilitou a devandita documentación.

Na "Relación da Visita Pastoral...", realizada no ano 1702, (traducimos ó galego) lemos: "San Miguel de Paradela. Cura D. Xoán de Losada e Quiroga, de idade de 58 anos. Presentación do Conde de Lemos, leva o cura tódolos froitos: primicias á Igrexa. Vale o curato co anexo (S. Lourenzo de Suar) douscentos ducados. Hai Sacramento, pía bautismal, cismeira de prata. Era pobre a igrexa. Hai maiordomo (recaudador das primicias para o sostemento da mesma) Antonio López. Ten a igrexa de final alcance (superávit) ó seu favor trinteseis reais. Debe esta igrexa á de Suar, seu anexo, 102 reais que lle prestou para dourar o retábulo. Queda mandado ó cura compre una linterna (para acompañar o Viático) e que poña chave na pía bautismal e que faga fundir a patena e que se faga de novo. Non hai capelán, sacerdote, ermita nin cofradía. Hai unha capela no lugar de Avelaira (sic), de don P^o Guitián. Visitouse e atopouse con decencia e o necesario para celebrar".

O documento de 1755 apórtanos os datos de que San Miguel, co anexo de Suar, "paga anualmente 16 fanegas de centeo ó Cabido de Lugo, 18 reais de subsidio (contribución estatal) e 12 de visita". O cura chamábase Domingo Antonio López.

En canto a datos civís da Parroquia de San Miguel de Paradela, cen anos máis tarde, no Diccionario Madoz (1845) podemos ler varios datos curiosos para os lectores de hoxe en día: "Reúne 35 casas, varias fontes de auga potable e unha escola temporal pagada polos pais dos alumnos. O camiño de Monforte a Portomarín está mal coidado. O correo recíbese neste último punto tres veces á semana. Produce centeo, patacas, nabos, castañas, millo e legumes; cría gando vacuno, de cerda e lanar. Hai teares e muíños de fariña. Ten 34 veciños e 492 habitantes".

31.

Vellas tradicións

(de Historia, xentes e contos de Paradela)

A CAMPAÍÑA DE NOSA SEÑORA

Paradela está no Camiño Francés ó Sepulcro do Apóstol. Eu coido que o nome venlle de que, nesta bisbarra, os romeiros tomaban un pequeno descanso no seu peregrinar antes de facer noite en Portomarín.

Pois ben: por mor do ir e vir xacobeo, Paradela ten raiceiras relixiosas moi profundas e, aínda non hai moitos anos, as campás eran o medio de comunicación para convocar os feligreses ós rezos. É curiosa a virtude da campaña de Nosa Señora que estaba no máis alto do campanario de San Miguel e tiña un so finísimo que se oía de moi lonxe.

Cando unha muller era receosa para dar a luz, o campaneiro tanxía a campaña e os labregos, aínda que andiveran traballando no agro, púñanse de xeonllos a pregar á Virxe para que a valera no parto. ¡Era un remedio santo!

¿Como veu dar a San Miguel?

Contoume a miña aboa, que nunha ocasión caeu na poza de Pías un boi e, cando saíu fóra sano e salvo apareceu coa campaña pendurada nun corno cun letreiro que decía: "Campaña de Nosa Señora".

O crego levouna a San Miguel e colgouna no cimo da espadana de xeito que, para tanxela, o campaneiro precisaba dunha abaloira. Hai anos que fendeu e agora está na sacristía. É curioso: en Rusia hai outra que cando soa, as mulleres malparen.

As outras dúas campás de San Miguel chámanse Santa Bárbara e Santa Lucía. O pobo comprendía o significado das súas badaladas: cando morría unha muller, a grande tanxía tres veces, seguida dun toque da pequena. Cando había Sacramentos, repenicaba por longo, primeiro a Santa Bárbara, e despois a Santa Lucía. Cando o abade saía con El Señor, daba unha repinica de soamente. No tempo das mallas, para escorrentar o trono, as campás de San Miguel cantaban: "Tente nube, tente tu/que Deus manda máis que tu./ Garda o viño, garda o pan/de nubeiros de alquitrán..." Tamén tanxían a Anxelus, chamaban á Misa e anunciaban as festas. O campaneiro, cando remataban as mallas, pasaba polas casas da parroquia e quen dáballes ovos, quen fabas, quen chourizos e, os máis, medio ferrado de pan. Hoxe xa non hai campaneiro. Hai anos que tamén el emigrou e as campás esqueceron a súa fala.

32.

Mouros

(de Historia, xentes e contos de Paradela)

OS MOUROS ESTIVERON EN PARADELA

Na Croa do Toural seica estiveron os mouros. Eu non o aseguraría, claro está, pero os vellos do lugar din que sí.

Fun moitas veces á Croa, maiormente de rapazolo, porque alí era donde gardabamos a facenda. Eu ía moi gustoso por divertirme cos outros rapaces. Pode que houbera mouros, si, pois teño idea dun muro medio esborrallado e oín contar que, para facer a estrada, carretearon moita pedra do Toural e apareceron abondosas pezas de barro e pedras redondas cun burato no medio, empregadas polos mouros para moer a gra. Tesouros dudo que os houbera; pero o primo Xesús de Millerados, Deus o teña na gloria, apugnaba que hai unha cadea de ouro que baixa pola Fonte Branca ata a poza grande de Pías. Eu non creo tamaña andrómena, ¿como vai habela e, para máis, cun longo de media legua? O vello Saraibas do Cabo tamén insistía ser certo que os mouros acochárona baixo terra. ¿Será conto? ¡Quen sabe!

Onde si hai un tesouro é no Rodillón. Un crego vello daquel lugar, hai moitísimos anos, gardou moito ouro nunha ola de barro e enterrouna na cortiña debaixo dun penedo. O Delmiro seica atopou dúas moedas e os veciños cavaron para ver de descubrir a ola; pero non deron con ela.

En Higón hai unha cova que foi dos mouros. En Riocabo de Cima tamén hai outra, que fun ver co Suso de Toexe. Ten a entrada moi doada pero vai estreitando e afondando cada vez máis. Aínda que levabamos foco de bolsillo, tivemos medo e demos volta por se houbera un teixo, algún zorro ou culebróns.

Hai fundanza de que os mouros viviron no Cocheiro do Castro de Santa Cristina. Aínda vive a Xulia do Zoqueiro da Serra que me ten contado que na casa das Pozas, tiñan unha rancha que escapáballes cara ós penedos do Cocheiro. ¿Cal era a razón? Pois que alí vivía unha moura que, cada día, lle valeiraba un cribo de millo á rancha coa idea de cebala para ela e os seus. Pero, cando a ama descubriu o caso, matou a rancha. Seica moito rifou con ela a moura, que berraba:

¡Non cha cebei para que veñas agora ti e a comas!

33.

Retranca

(de Historia, xentes e contos de Paradela)

O celme máis enxebre da sensibilidade popular atópase, a pouco que se pescude, a moreas, nas aldeas de Paradela, parolando cos paisanos, depositarios da lingua, sabedores dos costumes ancestrais e mestres á hora de compangar a retranca e o inxenio coa doada facilidade imaxinista e co humorismo que lles ven de vello.

O paisano galego é un sicólogo nato para captar axiña o bo e o malo; é un home de espírito inqueda, que non cansa de cismar e profundar nas vivencias íntimas da alma, de canto o cingue e dos aconteceres de cada día para logo desenvolver a súa sensibilidade creadora, aleccionarnos coma un pedagogo cos contos sarcásticos ou pícaros, raposeiros ou cun aquel de amolar un nisco, pero sen ferir a ninguén e sempre cun engado enxebremente galego.

Lémbrome de moitos personaxes, ós que troco o verdadeiro nome, capaces de facer felices ós seus oíntes a carón da lareira, no café, nos intres de folganza no tempo da seitura ou nas mallas, contando trouladas e lérias, de vagar, e sen présa.

O Secundino de Sesmonde, por exemplo, un día que estaba con outros veciños tomando un vaso na casa do Serafín, en ollando para o César da Retorta, que levaba o pelo moi longo, caíndo enriba dos ollos ocorrúselles dicir que con aquelas guedellas semellaba un boi xunguido á molida. E dende aquela o César todos o coñecen por "O Molidas".

O Ramón do Costas era da parroquia de Castro de Rei, do lugar de San Martiño. Na festa do Rosario, os compañeiros fixéronlle crer que a mestra estaba namorada del e o bo do rapaz, sen cavilalo un intre, estreveuse a falarlle. Ela, seguindo coa leria dos mozos, díxolle:

Gustar gústasme, pero eu non me afaría na casa dun labrador.

E el contestoulle:

Na miña casa non somos labradores. O meu pai é tratante de carnes e untos. Vende untos por centos de toneladas.

Tamaña fachenda valeulle o alcume de "Ramón dos Untos".

Tamén era moi popular o Benigno de San Vicente. Sucedeu que o cacique do pobo, da casa do Secretario, tiña un encargo urxente para Lugo e aló mandou ó Benigno que foi e veu alancando no día.

Don Ramiro díxolle admirado:

-¡Vaia ho! ¡Nin que foras un "paquete" facturado volvías máis axiña!

Dende aquela, ó Benigno, quedoulle "O Paquete".

Outro paisano moi interesante era o señor Pedro de Millerados, que estivera empregado de fogoneiro no ferrocarril aló en Monforte. Por mor dun accidente, quedáralle unha perna

máis curta ca outra e deron en chamarlle Patachica, alcume que, co tempo, convertiuse en "Pataquiña".